



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 14 DE MARZO DE 2008

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez  
Dña.Maria Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
Dña. Teresa Perez Vieira  
Dña.Laura Miguez Pérez  
D.Manuel Rafael Estévez González  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

NON ASISTIU: D. Manuel A. Gonzalez Marcote

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a catorce de marzo de dous mil oito, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION, SE PROCEDE, DO PRESUPOSTO XERAL DO CONCELLO DE BAIONA 2008.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Interventora, quen da lectura á seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

Ó obxecto de poder atender as diversas obrigas de competencia municipal e dado que o Orzamento elaborouse con observancia das prescricións legais e regulamentarias relativas ó mesmo, propoño ó Pleno a APROBACIÓN do:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

- Orzamento Xeral do Concello de Baiona para ou exercicio 2008, por importe de 8.616.132,53 €, segundo Estado Consolidado que se achega ó Orzamento, e que se divide en:
  - Orzamento do Concello por importe de **8.601.232,53 €**
  - Orzamento do Organismo Autónomo Local Turismo de Baiona polo importe de **133.900,00 €**
- Dás Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para o ano 2.008
- Do Plan de Investimentos para 2008
- Dá plantilla de funcionarios, a relación de postos de traballo e as súas modificacións, e o cadro de persoal laboral.
- Dá Relación nº 01-RE/08 de recoñecemento extraxudicial polo importe de **264.291,75 €** aprobando, comprometendo o gasto e recoñecendo as obrigas que se derivan das facturas incluídas na mesma, a favor dos acredores e con cargo ás partidas do Orzamento de Baiona para o ano 2.008 que se detallan, e o abeiro do artigo 217 do TRLHL, e resolvendo o reparo incluído no informe de Intervención nº 18/08
- Da solicitude de unha operación de crédito polo importe de **340.446,37 €** con las condicións económicas fixadas nas Bases de Execución.

CONTINUA.- En resumen decir que este presupuesto ha tenido en cuenta principalmente el acuerdo de suspensión de licencias, en cuanto al tema urbanístico, a los efectos de reducción de la cuantía prevista para el impuesto de construcciones, instalaciones y obras y de tasa por licencia urbanística, y de otra serie de tasas que están en relación directa con lo que es la actividad urbanística.

Asi como una reducción en el impuesto del incremento de valor de los terrenos, Plus Valía, motivado por ese mismo supuesto. No obstante hay que tener en cuenta que en este ejercicio se están ingresando, en el tema de las inspecciones urbanísticas, según el convenio formalizado con el ORAL en el año 2005 y eso ha permitido compensar en gran medida la reducción previsible de ingresos en el tema de las licencias urbanísticas.

Señalar asimismo que dado que el nivel de endeudamiento del Concello es bueno se acude a una operación de préstamo para financiar las inversiones municipales en lo que se refiere a la aportación municipal.

Se incluye asimismo el estado de las inversiones a fecha actual teniendo en cuenta las modificaciones que se han tramitado bien sea a través de la incorporación de remanentes o de expedientes de generación de crédito por subvenciones de otras administraciones públicas y que no están incluidas en el presupuesto.

SR.ALCALDE.- Agradecer el trabajo del equipo técnico en el desarrollo de este presupuesto. Muchas gracias.

SR.RODAL, PP.- En primer lugar, como comentou o Alcalde, por parte de tódolos membros do equipo de goberno, felicitar o traballo desenrolado pola nosa Interventora, enhoraboa.

Este é o 4º Orzamento que presentamos ó Pleno dende que comenzamos a gobernar a finais do ano 2004, e como nos anteriores pretendemos dar solucións ás cuestións e peticións máis urxentes e demandadas para o perfecto desenrolo da vida diaria dos nosos cidadáns, así como mellorar as condicións laborais do persoal que traballa diariamente para que este Concello funcione dunha maneira idónea.

O orzamento xeral do Concello de Baiona desdoblase, como dixo anteriormente a Interventora, en dous: por un lado o Orzamento da Entidade Local, que analizaremos posteriormente, cun investimento de 8.601.232,53 euros; e o Orzamento do Organismo Autónomo Local "Turismo de Baiona", que conta neste 2008 cunha asignación orzamentaria de 133.900 euros, un 3% máis que no anterior, aínda que en realidade será maior posto que no ano pasado pagáronse facturas atrasadas por un valor de 16.974,78 euros, caso que non se dará neste 2008 por ser o saldo definitivo do Turismo de 2007 positivo.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Este é o 4º Orzamento propio co que vai contar o Organismo Autónomo Local dende sua creación no ano 2004, do total do Orzamento o 89% ven de transferencias do Concello, e o 11% restante do Patronato Provincial de Turismo "Rias Baixas".

Neste ano contarase cunha inversión de 4.000 euros para actualizar e remodelar o noso stand de promoción turística que visitara este ano as Ferias de Bilbao, Valladolid e Lisboa, promocionando e divulgando a imaxe do noso pobo no exterior.

Como posta en valor do noso patrimonio cultural e etnográfico crearemos as visitas guiadas homologadas durante todo o ano polo casco histórico, petición moi demandada por múltiples turistas, ademais de visitas medioambientais e teatralizadas na época estival.

Este ano haberá unha forte aposta dende Turismo para cambiar a imaxe publicitaria do noso Concello, tanto en guías de servizos, de rutas, guías de rúas, etc., para así facilitar todavía máis ó turista o desenvolvemento e coñecemento artístico do noso pobo, suscitando así unha maior atención para que posteriormente divulguen as nosas riquezas nos seus lugares de orixen.

Xa entrando de cheo no Orzamento Xeral, este é un 19% superior ó do ano anterior, tanto no apartado de ingresos como no de gastos, facendose unha mellor xestión dos mesmos.

En canto ós Ingresos, seguindo unha previsión realista, aumentaron 624.727 euros con respecto ó ano pasado.

Nas operacións corrientes motivadas polo Capítulo II, o Convenio de Inspeccións en materia de licenzas urbanísticas firmadas no 2005, e polo Capítulo IV, ou sexa, Participación en tributos; resumindo, os ingresos son altos aínda de ter, como dixo antes a Interventora, a suspensión nas concesións de licenzas; en canto ós Gastos correntes aumentan 825.267 euros debido sobre todo ó Capítulo I de gastos en persoal, pola regulación salarial de 13 postos de traballo para funcionarios e laborais fixos.

Neste ano a inversión é de 769.694 euros, moi superior ó do ano pasado, que afecta sobre todo a melloras nos colexios, melloras viais, saneamentos, diversas maquinarias, melloras na recollida de lixo, así como a pavimentación e realización da rúa Elduayen, e o estudo de viabilidade da parroquia de Santa Cristina; aínda que actualmente se están levando a cabo inversións por uns 2.250.000 euros, tanto en saneamento, como no Museo da Navegación, centro de Día para as persoas maiores, financiación da gardería, ou a expropiación dos terreos para a instalación da depuradora.

Este Orzamento é eminentemente social, tanto polas melloras orzamentarias na axuda a domicilio cun incremento do 80%, así como as axudas sociais cun incremento do 300%, e como non, coa gran oferta pública de persoal que se sacan publicamente esas 13 plazas que se comentaron anteriormente, cumprindo coa Lei 7/2007 do 12 de abril do Estatuto básico do empregado público, ademais de incrementar o nivel de destino dos Axentes, oficiais e do Inspector da Policía Local; así como tamén o incremento de 20 euros ó mes que afecta a 31 traballadores por estar xa 1 nivel máximo o seu complemento de destino.

Todas estas medidas supoñen un gran esforzo neste orzamento, as cales ascenden a 550.000 euros.

Tamen este ano, como se fixo nos anos anteriores, recoñecese o pago de facturas atrasadas do 2005, por un importe de 264.291 euros. Cando nós comencamos a gobernar a deuda do Concello estaba en torno o 35%; agora, tras 3 anos de xestión, está rondando o 15%, sendo o nivel de endeudamento moi baixo pois o máximo permitido é do 100%.

E ademais seguimos mantendo o obxectivo de estabilidade orzamentaria. Por todo isto, dende o PP e dende o equipo de goberno pedimos á Corporación Municipal que aprobe estes presupostos para seguir mellorando a calidade de vida de tódolos baioneses e baionesas, moitísimas grazas.

SR.LORES, PSOE.- Bós días a todas e a todos. Antes de escomenzar o Pleno queríamos manifestar o noso malestar por non haber atendido a petición de aplazar un pouco máis este Pleno dado que nós entendemos que o Pleno dos Orzamentos, senón é o máis importante, é ún dos Plenos máis importantes do ano neste Concello, e que os orzamentos son para o Concello, polo tanto tódolos grupos políticos compoñentes da Corporación tratamos estes documentos e procuramos sempre ter algún tipo



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

de iniciativa ou polo menos facer algún tipo de interpretación, positiva ou negativa, pero en principio sempre é positiva, e con este tempo que se nos deu non nos permite nin tan siquiera administrativamente facer este procedemento porque a Comisión Informativa foi o mértes, co vénres que se nos convoca, non nos queda tempo para presentar algún tipo de iniciativa ou alternativa a estes orzamentos.

Polo tanto, a nosa manifestación de descontento por esta actitude do goberno de non contar co resto dos grupos políticos para os temas fundamentais do Concello de Baiona. Danos a impresión de que aquí se está pasando o rodillo, existe certa prepotencia por parte do equipo de goberno, aínda que non é nada que nos extraña nin nada novo nestes anos.

Outra cousa que queremos dicir é que no posible se mantivera o día xóves como día do Pleno dado que os membros desta Corporación que non estamos no equipo de goberno nin temos dispoñibilidade horaria temos os nosos traballos e xustamente temos máis ou menos organizado o xóves para poder asistir ós Plenos; non é a primeira vez que comentamos este tema e xa fixemos algún ROGO posto que nestes casos se nos trastoca e xa algún compañeiro de feito non pode asistir a este Pleno por esa circunstancia.

Entrando no tema, nós, aínda que con pouco tempo, tratamos con moito interese e con mirada moi positiva tódolos documentos importantes deste Concello; xa nos gustaría chegar aquí dicindo que o equipo de goberno cumpríu os deberes e que a proposta que nos fai é unha proposta de futuro e é unha proposta importante para Baiona; pensamos que despois de leelo por arriba e por abaixo (xa non me meto agora co de Turismo, que o veremos despois) pois botando a vista atrás nestes 4 anos, si nos vamos á Baiona de fai 4 anos, marchamos, e volvemos agora, non hai ningún cambio significativo neste Concello; non houbo nin un só investimento, ningunha modificación significativa na súa organización e no seu funcionamento interno e externo; me estou referindo simplemente ó casco, o centro de Baiona; si vamos polas parroquias si que notamos algunha diferenza pero para peor, polo tanto estes 4 anos foron 4 anos de mantemento administrativo exclusivamente; xa dixemos nun Pleno que si deixáramos ós funcionarios do Concello traballar, sobramos todos; sobramos todos porque aquí non hai ningunha dirección, ningunha iniciativa de goberno, non hai nada, simplemente hai un mantemento administrativo onde se solicitan subvencións, se executan, e se consiguen, pero non hai nada máis; polo tanto eu creo que poderíamos aforrar uns cartiños, 550.000 euros, en gastos de órgano de goberno, ou sexa que poderíamos evitar eso e adicalo a Servizos Sociais, creo que sería mellor e máis productivo para os nosos veciños.

E curioso que o Alcalde na memoria que fai fala de que este ano vai a ser un ano difícil pola suspensión das licenzas, nós cando foi dese Pleno xa o dixemos: que esa era unha decisión que tomaba o equipo de goberno e que polo tanto él sería o responsable e tería que asumir esas consecuencias; xa dixemos naquel momento que despois non andara chorando por este tipo de cousas nin que siquiera nos botara en cara que con esta medida paralizase a inversión, foi unha decisión na que nós nos abstuvemos e que o equipo de goberno levou con bombo e platillo anunciandoa e demais; agora xa temos a primeira consecuencia que dí que este Orzamento non pode ser un orzamento digamos importante porque hai unha suspensión de licenzas, supoño que este argumento, agora é para os orzamentos, dentro de 1 ano será pola urxencia de que a Xunta aprobe o Plan Xeral e cousas de estas; ou sexa, que sistemáticamente van a utilizar este argumento.

Tamén fala de que hai contención do gasto, bueno; o 86,96% do gasto é en gasto corrente, polo tanto, de contención, pouca. Si temos en conta ademais que do ano pasado a éste subimos 825.000 euros en gasto corrente e que o que se incrementou este Orzamento son 1.400.000 euros, máis do 60% do incremento deste orzamento está xustamente en gasto corrente; ou sexa, que vaíamos por partes.

Nos últimos 6 meses do exercicio anterior fíxose un gasto non consignado por máis de medio millón de euros, ou sexa, que se gastaron 534.000 euros, según os datos, en partidas que non estaban consignadas, que xa non habían cartos, ou sexa, gastáronse de máis, medio millón en 6 meses; 100.000 euros cada mes, 16 millóns das antigas pesetas cada mes se gastaron sen consignación presupostaria; si eso é control do gasto, que no lo expliquen, nos últimos 6 meses do exercicio anterior,



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

cando se aprobou o presuposto no mes de xuño e houbo unha execución do presuposto do 87% porque tampouco había inversións, como xa dixemos naquel momento, e que no informe deste ano o servizo de Intervención ratifica o que nos dixemos naquel Pleno de que as inversións neste Concello eran nulas.

Vemos que a iniciativa de goberno destes últimos 4 anos está baleira, está baleira de iniciativas e de propostas para mellora a calidade de vida dos baioneses, non existe nada, o único que se está facendo é cubrir un espazo e dando cobertura a un aparato burocrático que cada vez nos costa máis cartos porque tamén houbo un incremento en órganos de goberno de 400.000 e pico euros. En Educación o único que se está facendo é un mantemento das instalacións, non hai iniciativas, ningún tipo de iniciativas para mellorar a calidade do ensino público ou que intente mellorar a oferta educativa neste Concello. Non hai en ningún momento iniciativa para actividades de docentes nin de coordinación entre os distintos Centros educativos, que creemos que corresponde potenciar ó Consello Escolar Municipal para que os distintos centros estén coordinados e que haxa unha liña educativa municipal, que non vemos por ningún sitio; tampouco vemos que exista inxenuidade por aumentar a oferta educativa; vemos como en Nigrán e Gondomar están pedindo escola de idiomas, conservatorio de música, aquí non vemos ningunha iniciativa neste equipo de goberno que tenda a mellorar esa oferta educativa; aquí, o que nos manda a Xunta, e punto; por iso digo que cos administrativos, sobrábamos, o que falta son directrices de goberno. Ao mellor pois hai que ver que tipo de ofertas educativas a nivel profesional, ou cantas liñas de bacharelato temos, que se pode facer, que podemos facer coa educación de adultos que a tiñamos en Baiona e xa marchou para Nigrán, que estamos a facer co mapa escolar, etc., eu creo que estas cousas son decisións políticas que lle corresponden ó equipo de goberno; o resto, o mantemento, ou asignar unha partida para cambiar un tellado, iso simplemente é unha tarefa administrativa, hai unha ausencia total de iniciativas políticas.

Hai outro tema que nos preocupa que é a situación da Plaza de Abastos; en todo o orzamento non hai nin unha soa iniciativa que trate de paliar a grave situación que está a vivir nestes momentos a plaza de Abastos, que é un mercado municipal; alí temos a uns empresarios que están totalmente desamparados, e que por parte do goberno non hai ningunha iniciativa nin para mellorar a calidade do servizo que están dando nin para potenciar e facer viable ese mercado; como sigan así vamos a acabar sen Plaza de Abastos porque non vai a ser viable. Esta situación está levando á destrución da Plaza de Abastos.

Falando da xuventude, a xuventude non debe existir para este equipo de goberno; o orzamento, a asignación que ten para actividades, para xuventude, son 3.500 euros, creo que bastante menos do que cobra un Tenente de Alcalde no Concello de Baiona ó mes; tamén existe un problema de ocupación: non hai nin un só sitio onde poidan estar os nosos xóvenes; non se está facendo nada polas vivendas sociais para que os nosos xóvenes queden neste Concello e non se marchen; e temos, en orzamento para a xuventude 3.500 euros, supoño que será para algún campamento porque non sei para que chegará este tipo de inversión; repito, hai unha asignación menor á xuventude que o que cobra un concelleiro; é algo que debemos empezar a ter en conta.

O que non sabemos é que está pasando en canto ás parroquias, en canto á segunda fase, prometido polo Sr. Alcalde e polo Sr. Presidente da Deputación, do Centro Cultural de Belesar; había unha promesa de que se ía abordar a ampliación deste Centro e aínda non se ve nada; tamén está por rematar a recollida de augas da estrada provincial da subida a Bahiña que cada vez que chove os veciños protestan, está por arranxar iso, levamos xa 2 anos e alí non se está facendo nada.

En canto ás praias, menos mal que temos praias e que de momento non hai nadie que as leve porque senón tamén quedaríamos sen elas porque iniciativa non hai ningunha, menos mal que están ahí fixas, porque si as poidera levar Nigrán ou Gondomar quedaríamos sen elas, porque non se está facendo nada; a area, menos mal que a trae o mar, non hai nin unha soa inversión en praias, nin unha soa iniciativa.

Respecto ó Organismo autónomo de Turismo; os servizos de Intervención deste Concello levan, sistematicamente, nos seus informes, decindo que realmente non ten ningún sentido que exista un orzamento independente para este Organismo autónomo; nós entendemos que si este Organismo



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

autónomo ten contido sí debe haber un orzamento independente; agora, si o único que fai é meter 4.500 euros nunha rampla e mellorar un stand e non hai ningún outro tipo de iniciativas, non se fai nada por desestacionalizar o turismo, si non se está facendo nada serio para ter uns gastos correntes, entón que os metan dentro da conta xeral do Concello; empezaría a ter sentido o que din dende Intervención, porque entón o único que se fai é duplicar gastos e duplicar tempo, o que supón aumentar o custo de persoal e de material. Moitas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nós tamén queremos manifestar o noso malestar pola premura con que se deu este documento, o documento máis importante que debe haber nun Concello no tempo de 1 ano, e que evidentemente dándosenos o vénres, e estando en campaña electoral, pois non pudemos estudiálo como nós quixeramos; en todo caso decir que o pouco que pudemos ver no pouco tempo que tivemos, sí queremos facer mencións a unhas cuestións que consideramos importantes.

Con respecto ó Capítulo I, vostedes non cumpren coas expectativas do Comité de empresa, dos compromisos que quixeron alcanzar e non puideron con este colectivo de traballadores do Concello, e que supostamente pedían un incremento salarial global que supoña sobre 115.000 euros e que vostedes recortan, nin máis nin menos, que a 14.000, é dicir, o dividen entre 10, o que supón que unha vez máis os traballadores do Concello van seguir cobrando salarios que están no mínimo interprofesional e que dende logo que van a ter que seguir facendo horas extras para poder levar un soldo digno a casa; horas extras que tantas veces vostede nos criticou cando nós estabamos gobernando.

Queremos denunciar que neste Concello os traballadores non se miden todos polo mesmo rasero, xa que fai cuestión de 3 ou 4 meses os/as funcionarios/as que máis salario teñen neste Concello, que pasan dos 4.000 euros, se lles aplicou unha suba de máis de 2.000 euros; o que pedían os traballadores era unha suba global de 115.000 euros e vostede o que lle reflexa nestes orzamentos é unha suba de 20 euros/mes a cada traballador, 20 euros/mes; e ós funcionarios/as, como decía, que máis cobran, salarios que pasan dos 4.000 euros ó mes, subelle vostedes un cómputo global ó ano de máis de 2.000 euros. Esa é a política do PP, beneficiando sempre ó máis poderoso.

Respecta á Policía vostede sube un punto no escalón, a Policía ten agora mesmo o nivel 17 e vostedes suben ó 18, cando o que marca a nova Lei da Policía, creo recordar, que é o 22, o máximo; tampouco cumpren vostedes coa expectativa que levaban no Comité de empresa.

Dende logo tampouco van a cumprir en ningún dos casos con ningunha parroquia deste Concello; unha vez máis o equipo de goberno do PP, facendo como sempre dende que o PP goberna neste Concello, que incluso hai concelleiras que estaban en preescolar cando sucedía isto, o diñeiro das parroquias o volve a meter outra vez no casco de Baiona; volvemos á mesma política de sempre: inversións para a pavimentación de Elduayen, para Santa Liberata, 5.000 euros para un estandarte para a Virxe da Anunciada, inversións de todo tipo para o casco de Baiona; e ás parroquias, a calderilla; volvemos á política do PP de toda a vida.

O diñeiro do casco vello que hai que xestionálo nas Administracións Públicas, iso dá traballo; entón se vai ó fácil: se tira coas inversións das parroquias, se deixan as parroquias como sempre, como estiveron toda a vida, sen invertir nin un só duro, invertindo neste orzamento un total de 163.000 euros dos cales o Concello soamente aporta o 20%, o resto o aportan o Estado, a Xunta e a Deputación en plans provinciais, e vostedes invirten todo o que sacan de préstamos, todo o que tiran da Administración Local o invirten no casco de Baiona; nin un duro para as Parroquias; de tal xeito que a que máis leva, creo recordar, era un estudio de viabilidade para facer un Centro Cultural en Sabarís (2.000 euros creo), e unha partida para un concurso de ideas para a humanización de Sabarís de 12.000 euros, aparte de un repetidor para Baredo, e santas pascuas; esa é a inversión que vostedes teñen para as parroquias neste Orzamento, menuda miseria.

Eso sí, onde non escatiman esforzos é en gastarse máis de 155.000 euros en asesores, eu me pregunto que fan os concelleiros e as concelleiras do equipo de goberno cobrando un soldo tódolos meses neste Concello; si vamos de ún en ún, é que hai algún que non se sabe nin cal é o oficio nin o beneficio, non se sabe o que fan; sabemos, iso sí, de que o primer Tenente de Alcalde non cubre coa súa obriga nin coas expectativas que creou ante os seus veciños, e que, evidentemente cando



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

se lle chama a atención polo que él non fai ó Sr.Alcalde, o Sr.Alcalde dice que o Sr.Vilar non lle deixa; esa é a política que están facendo vostedes: o Alcalde sigue facendo de vítima porque o Sr.Vilar ten a sartén polo mango e ó Sr.Alcalde non lle deixa; iso o está decindo mesmo polas rúas Sr.Alcalde, o está decindo tódolos días nas rúas e os veciños o saben, pregúntelle ós veciños si é certo ou non é certo.

Chegamos ata tal punto que os asesores que vostedes contratan cobran polos dous días da Festa da Arribada máis de 3.000 euros, máis de medio millón de pesetas cobra o Sr.Avelino Sierra por ser o asesor e Director da Festa da Arribada.

Mire, cando o BNG estaba no goberno organizou a Festa da Arribada cos seus concelleiros conxunto coas Concellalías do PSOE e do socio de goberno que tiñamos naquel momento, nadie máis, non houbo ninguén máis, e o Orzamento que tiña ó ano o Sr.Avelino de 20 millóns de pesetas pasamos a téla de 10, e non lle pagamos un duro a ningún asesor externo para que nos viñera a facer unha festa como é a da Arribada.

Pero isto tamén pasa en varias Concellalías: asesores, por chamarlles dalgún xeito, porque nalgunhas ocasións nin aparecen polos sitios onde deben de aparecer; tampouco escatiman esforzos nas retribucións do goberno, se suben con respecto ó 2007 máis de 46.000 euros, casi nada.

E unha cuestión que me chamou a atención, e que discutimos nesta Sala, foi cando se falou da privatización do punto limpo; eu preguntei que si agora mesmo, que o punto limpo está xestionado polo concelleiro de Medio Ambiente, si íamos a pagar a unha empresa por facer esa xestión habería que descontarlle o salario ao concelleiro correspondente Sr.Vilar, e agora xa sei canto hai que descontarlle, si antes valía 90.000 euros a xestión do punto limpo e agora vale 200.000 hai que descontarlle 110.000 euros a vostede, 110.000 euros ó ano, porque está deixando de facer un traballo que facía antes. Esas son as nosas contas, evidentemente; polo tanto, para nós, Sr.Alcalde, estes orzamentos son máis do mesmo: continuistas e que se basan en non darlle un servizo aos veciños, senón en que o grupo de goberno viva o mellor posible.

Xa para rematar lle vou a pór un exemplo moi claro, fai uns días un grupo de veciños, veciñas, concelleiros e técnicos, fumos a Pontevedra, a facer unha xestión municipal; o concelleiro que lles fala foi, gastou gasolina, gastou parking e gastou tempo, pasei unha nota pola locomoción que fixen para que se me devolvera o que gastei na locomoción e cal é a miña sorpresa cando soamente se lles paga ós membros do equipo de goberno; ós membros da oposición nin un duro; nós non temos dereito a cobrar si nos desplazamos no noso vehículo a unha xestión municipal; eso sí: á concelleira de Urbanismo e ós funcionarios, sí; á oposición, non. Esa é a política do Partido Popular. Nada máis.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Bó día; aquí hai unha serie de cousas que non entendemos, no orzamento do Organismo Autónomo Turismo de Baiona, porque temos un orzamento de 133.900 euros, e nos orzamentos xerais do Concello ven que en Turismo hai 165.856,15 euros, cunha transferencia ó Organismo autónomo de 115.000 que si restamos practicamente quedan 32.000 euros de gastos, aparte dos 115.000, lóxicamente; entón, como ben dí a Interventora no seu informe, dí: motivo polo que se considera que dado o volume do Orzamento debería integrarse no presuposto do Concello, o presuposto do Organismo Autónomo; vamos a ver, o organismo autónomo eu penso que no momento que se creou era para que se autoabastecera dos cartos necesarios para o gasto do Organismo, ben podía ser con subvencións de empresas, aquí se falou de moitísimas empresas naquel momento, ou de organismos de administracións, que aquí soamente ten unha subvención de 133.000 da Deputación, nada máis, ou sexa non se buscan outro tipo de orzamentos. Entón, si vai a funcionar como está funcionando, pois ten razón a Interventora, é mellor metélo nos orzamentos xerais.

Hai unha cousa curiosa, pón a Interventora, no trámite de expediente, dice que debe convocarse a Comisión Executiva do Organismo Autónomo para a aprobación inicial da proposta do Orzamento 2008



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

según dispoñen os Estatutos do Patronato. Parece ser, polo que entendemos leindo isto, que antes deste Pleno debería haber unha reunión do Patronato para aprobar estes Orzamentos; eu non sei si se fixo ou non.

SR.ALCALDE.- Empezamos a reunión decindo “vamos a empezar pola reunión do Organismo Autónomo”.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sí, e o Alcalde dixo “aínda que aquí hai membros que non están”. Non foi convocada; eu non son membro desa Comisión; son membro da Comisión Informativa.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- ¿Fumos convocados ou non?, non o sei.

SR.ALCALDE.- Dende a nova Corporación non houbo comunicación por parte do Bloque decindo quen era o representante no Organismo Autónomo.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Pido disculpas si é que foi así; penso que agora é o momento de correxílo, o faremos por escrito, non se preocupen.

No Plan de inversións deste orzamento do Organismo Autónomo: 4.000 euros para a mellora do stand; a mín me gustaría que o concelleiro de Turismo explicara un pouco de que trata esta mellora; non o entendemos porque cando era Benigno Rodríguez Quintas concelleiro deste Organismo, fixo unha inversión para a caseta nova e para un stand para as feiras, e a 3 feiras por ano tampouco tivo que viaxar tanto ese stand como para que haxa que remodelálo ou facer ún novo; non sei porque estes 4.000 euros.

En canto ó Persoal, non entendemos unha cousa, no Organismo Autónomo soamente se fala de becañas, becañas para o Oficina de Turismo se entende, e o 100% é a subvención que dá o Patronato Rías Baixas para subvencionar este persoal, estas becañas que van estar na caseta de turismo, pero no estado de contas do Orzamento xeral do Concello 2008 hai para persoal funcionario, persoal laboral, eventual, non o entendemos; bueno, o do persoal funcionario sí o entendemos porque a técnica de Turismo que está neste momento é eventual entón sae esa plaza a concurso para ser funcionario ¿non é así?, isto sí o entendemos; pero persoal laboral eventual dentro do Orzamento xeral do Concello, non o entendemos, porque hai 6.240 euros, quixeramos saber porque.

Ou sexa que sumando as retribucións básicas persoal funcionario, as retribucións complementarias, e as de persoal laboral eventual, ¿todo isto é o soldo de 1 ano para un funcionario de Turismo?.

SRA.INTERVENTORA.- Las retribuciones básicas y las complementarias son las de las plazas que se crean, tanto en esa como en el resto de los Servicios, Cultura, Medio Ambiente, ó en los demás, pero mientras esas plazas no se convoquen hay unas personas que de manera temporal las están cubriendo entonces lo que se refleja como personal laboral eventual, que es la denominación y clasificación económica que tiene en el Presupuesto, es lo que se le paga actualmente a esa persona que realiza esas funciones hasta el fin de su contrato. Lo otro que pone retribuciones básicas y complementarias es la cobertura que presupuestariamente la Ley te obliga a tener para que puedas convocar la plaza; son cosas independientes; de momento lo otro no se va a disponer en tanto la plaza no se convoque, en ese y en el resto de los servicios.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Ben entón eu entendo que a técnica de Turismo agora mesmo ten un contrato de 6 meses, lóxicamente ten que sair a plaza de funcionario, vamos a pornos en que esté 7 meses de funcionario, ¿en 7 meses vai cobrar 18.000 euros?.

SRA.INTERVENTORA.- La parte proporcional cada mes.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Entón aquí sobran cartos, é que é cuestión de suma e resta nada máis.





**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

SRA.INTERVENTORA.- La Ley te obliga a poner la consignación anual aunque la plaza no se haya convocado, yo no puedo poner para 3 meses o para 2, tengo que ponerla anual; si luego sobra se utilizará para otras plazas o para lo que sea, pero tengo que poner la consignación anual; en ese y en el resto de los Servicios; no solo en Turismo, pasa en Cultura, en Medio Ambiente, y en todas las plazas que ahora mismo están cubriendo gente en situación de personal laboral temporal.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- ¿E porqué o resto dos gastos de Turismo, de teléfono, luz, dietas, locomocións?.

SR.ALCALDE.- Entendo que si o debate é técnico debería ser previo a esto. O que hai que debatir aquí son os Presupostos; o demáis entendemos que técnicamente é correcto, non vamos a discutir coa Interventora si é correcto técnicamente ou non. A discusión aquí ten que ser política, si estamos dacordo cos gastos e coas inversións, ou non; o que non podemos é ter aquí a Interventora facendo un duo Pimpinela a ver que contesta, senón pasaríamos todo o día falando de tecnicismos.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Sr.Alcalde, a Interventora sabe que a persoa que lle está falando é a primeira vez que non foi a falar con ela antes porque non me deu tempo. Si vostede, cando na reunión que tivo cos portavoces aceptara aplazar este Pleno, pois lóxicamente teríamos moito máis tempo para preparálo.

SR.ALCALDE.- Fai unha semana tiñan o documento; non me poden decir que é un tema de eleccións; tiveron unha semana para estudiálo e vexo que vostedes o leeron porque senón non se explica que se discuta. A Interventora fai os informes e lóxicamente se sigue o trámite que se ten que seguir, o que non se pode é estar discutindo os temas técnicos aquí; a decisión política é o que temos que plantexar agora.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Sr.Alcalde, di vostede que non é cuestión de eleccións, aquí todos estamos nun partido político e vostede entregou esto o vénres e é como si o entregara o lúns, porque todos estivemos coas eleccións, non nos deu tempo a mirar isto; si fora outro vénres calquera pois sí teríamos unha semana para estudiálo. Claro, vostede seguramente tivo meses para mirar o Orzamento, nós non. Tivemos 4 días escasos: de lúns a xóves, porque hoxe xa estamos aquí.

SR.ALCALDE.- A labor dun concelleiro non é de lúns a xóves, a labor dun concelleiro é de tódolos días do ano; esté na oposición ou esté no goberno, e dende logo non pode decir que non se cumpre; se cumpren perfectamente tódolos prazos de presentación de presupostos, ¿qué ún querría ter meses en vez de unha semana?, sí, todos estamos dacordo, pero o tempo é o que é e os Presupostos teñen que entrar en vigor, e o tempo é o que a Lei marca. Teñen que tratar de adicar horas a algo polo que se cobra, e a oposición tamén cobra; vós na oposición, e nós no goberno.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Pero volvo a decir que foi o tempo que tivemos, entón lóxicamente estas cuestións técnicas temos que preguntálas aquí porque non nos deu tempo a ir a xunto da Interventora.

SR.VILAR, CMÑ.- A verdade é que cando ún intervén ó final ten unhas ventaxas enormes, e hai unha cousa clara neste Concello: a oposición está morta, non ten iniciativas, iso está claro; hoxe foi a proba máis palpable de que aquí temos unha oposición de pena, unha oposición incapáz de presentar alternativas a un presuposto do goberno, entón se vai á crítica fácil.

O portavoz do PSOE simplemente lle vou a decir unha cousa: mire vostede, as praias de Baiona simplemente perigraron pola acción depravadora de Portos de Galicia que casi nos leva media praia da Barbeira, iso é así.

Segundo, ó BNG lle vou a decir: o único que lle sacou inversións nas Parroquias foi a Concellería de Medio Rural que nos chorizou, dalgún xeito, o saneamento de Bahiña que baixaba por todo o río; eses son os 2 grandes, poderíamos decir usurpadores, do Concello de Baiona.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

Ademáis lle quero decir ó Sr.Lores que por favor cando quer facer crítica que se serene e que non recurra ós soldos, tamén nós poderíamos ir ó fácil e decir: “bueno, pois a verdade é que un deputado da oposición non merece gañar o que gaña, e calquer colectivo sí merece cobrar eses cartos”, nós non recurrimos a iso; hai que centrarse moito máis no tema do Presuposto e analizálo. O presuposto municipal obedece a unha serie de iniciativas do Concello de Baiona, como boi ben expuxo o concelleiro Angel Rodal, que eu rubrico plenamente, e non quero ser redundante, eu defendeu o Presuposto magnificamente e comparto plenamente seu criterio.

O presuposto municipal obedece a uns criterios políticos, pero que veñen xa duns anos atrás e que se van a plasmar nunha lexislatura para a que nós temos uns plans e uns obxetivos claros; lóxicamente, dentro da presente lexislatura, este equipo de goberno ten 2 obxetivos primordiais que son os pilares que xustifican esta lexislatura, unha é a aprobación do novo PXOU e a aprobación do Plan Especial do Casco; eses dous documentos, que en parte dependen tamén da Administración Autonómica, son os que nos van a permitir falar da Baiona do futuro, igual que ó longo destes anos se consolidou a Baiona actual. Eu discrepo totalmente cando me dín que Baiona é igual que fai 3 ou 4 anos, en absoluto se parece en nada; e de feito esta Baiona que crece planificada é unha Baiona que nos permite facer grandes obras, eu lles poño un exemplo: unha obra como a que se fixo no Aral ahi moi poucos pobos das nosas características que a teñan, posiblemente nin en España; construír un aparcadoiro de 700 plazas e cunhas instalacións deportivas arriba de máxima calidade posiblemente en moi poucos Concellos de España se constrúa. E foi posible porque había un Plan de Ordenación que tiña en reserva eses terreos; o mesmo que todo o polígono do Aral. Isto todo crece porque se fixo con planeamento, o mesmo que en Sabarís coa autopista, avenida urbana, todo é produto da planificación que se viu facendo nestes últimos anos. A realidade é esta e o outro son palabrerías que non van coa miña traxectoria política e entendo que tampouco coa do goberno municipal.

Lle vou a facer un análise do que é este Presuposto; nós presentamos importantes melloras en infraestructuras e estamos constantemente mellorando, en colaboración coa Deputación, coa Xunta de Galicia, como non pode ser doutro xeito, e ahí están os novos viais que se asfaltaron recentemente dende Baredo a Silleiro, que agora se pode circunvalar, que era unha obra que ven de fai moitos anos que non se facía pero ahí está; se melloraron os accesos ó Colexio de Belesar, todas as obras que se fixeron en Sabarís son moi importantes, ou sexa que dalgún xeito estamos avanzando en tódolos campos.

En materia de Educación, recentemente se vai a inaugurar a Gardería; que tivemos que enderezar nós posto que naceu mal e tivemos que enderezar nós para poder facer realizar, que ao mellor é unha galaescola, eh, Sr.Fernández, cousa que nos tería vostede que felicitar; nós defendemos o galego, o digo con cariño; e aparte de todas estas melloras hai tamén unha importante mellora no tema de persoal, creo que este presuposto vai practicamente a resolver tódolos problemas de eventualidade que había no Concello, porque ata agora se viña falando moito pero a verdade é que hai que resolvélo nun Presuposto, e agora todos estes problemas de eventualidade, de técnicos, que por certo este Concello hoxe en día ten moitos departamentos e require cada vez máis técnicos en distintas áreas, se van resolvindo; creemos que é unha mellora importante para a Administración Local.

Vamos a mellorar en maquinaria para tódolos departamentos de Vías e Obras, que por certo o 90% estamos adicados ás Parroquias, e non olviden que nós este ano adquirimos, en alquiler, iso sí, unha nova nave que nos vai permitir mellorar as nosas infraestructuras e por iso temos que contemplálo aquí no Presuposto.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

Temos uns importantes Capítulos de inversión nas Parroquias; a mín gústame falar con datos e non decir o que dixo o Sr.Fernández, que non se da conta do que vaise a invertir nas parroquias, mellor dito, si se da conta pero como se vai facer unha obra que é a rúa Elduayen pois xa dí “todo va para Baiona e se lle saca ás Parroquias”; eu penso que ese discurso xa o vimos escoitando dende fai tempo, pero mire vostede, hai un convenio para mellorar un repetidor de televisión en Baredo que vai a 23.291 euros, unha pista polideportiva no Colexio de Fontes, 18.000 euros, inversións en Educación para o preescolar en Baredo: 3.000 euros; inversións en Educación, saneamento Colexio infantil en Sabarís: 5.000 euros, anclaxe de contenedores nas parroquias: 20.000 euros, inversión en iluminación navideña parroquias: 10.082 euros; saneamento en Belesar, camiño da Rectoral: 31.320 euros; saneamento en Belesar, camiño da Rectoral: 44.780 euros; saneamento en A Granxa: 34.330; saneamento Ramal, Chan de Xugo: 42.940 euros; saneamento en Outeiro, Pombal: 11.060 euros; saneamento na Granxa: 36.000; expropiación terreos para a depuradora: 197.000 euros, que por certo, a depuradora, aínda que vai ubicada na zona de Silleiro, vai a recoller tódolos vertidos de tódalas parroquias, por iso lle digo Sr.Fernández que non manipule, Baiona é unha unidade, e Baiona practicamente é un Concello pequeno en extensión pero grande en poboación, e esta poboación está practicamente ubicada na franxa litoral e a relación entre as parroquias é practicamente a de un casco urbano, cada ver máis; polo tanto esa demagogia que fai vostede de que se lle saca diñeiro ás parroquias se olvida e fracasa e naufraga constantemente, máximo como ben lle dixo o responsable Angel cando fixo a súa exposición que ahí vai un estudio de viabilidade da humanización de Sabarís, que é un aspecto moi importante.

Creo que hai inversións para dar e tomar nas Parroquias, e sobre todo en Baiona, porque repito que Baiona é unha unidade, e iso é algo do que vostede se ten que convencer.

Tamén se dixo aquí que nós necesitamos un Conservatorio, pero é que nós temos unha magnifica escola de música que está en estreita colaboración co Conservatorio, e aquí a persoa que queira ser músico pódese facer músico, outra cousa é que teña cualidades, pero hoxe en día en Baiona en cuestión de música somos uns avanzados.

Falouse tamén da Plaza de Abastos; aquí dá a impresión de que nós estamos contra a Plaza de Abastos. A Plaza de Abastos está situada no centro de Baiona, nun edificio no cal estáanse a facer obras importantes, espero que nun futuro sexa un edificio que poida ter unha capacidade para absorber moitos máis servizos, e cando se fala dela nos olvidamos que estamos nunha sociedade de libre mercado, cada vez hai máis competencia, e hai máis porque xa os supermercados venden xa peixe fresco, e aquela situación de que soamente se vendía o peixe na Plaza nestes momentos nos damos conta de que xa non é así, hai moita máis competencia. Polo tanto hai que adaptarse a esa competencia e son os propios produtores, traballadores que están na Plaza de Abastos, os que teñen que intentar mellorar e facer competencia ós demais establecementos, iso é un problema alleo ó Concello, e nos procuramos darlle facilidades a todo o mundo.

Despois de todo isto quero decir que este é un Presuposto que ten unha iniciativa; o único fallo é que hai unha oposición carente de iniciativas; que eu sepa vostedes non presentaron ningunha proposta para incluír neste Presuposto, ningunha, e polo tanto vostedes están a rastras do que nós vamos marcando; por iso digo que esta oposición está morta, e ademáis enterrada, vostedes teñen que desenterrarse e empezar a presentar iniciativas, que ese é o auténtico problema que temos aquí.

En canto a inversión do Organismo autónomo, a mín alégrame enormemente que teñamos 2 presupostos aquí, ún do Concello e outro do Organismo autónomo; somos dos poucos Concellos que temos un Organismo autónomo de Turismo e creemos que esa autonomía se está levando ben, é unha iniciativa que fai que Baiona dende que foi municipio de excelencia turística cada vez sexa máis a xente que nos visita, somos un foco de atracción importante para Galicia, e o que sí as veces lamentamos é que se teña máis consideración a Baiona dentro do Estado, non olvidemos a importancia que ten Baiona dentro da España Verde, onde é un dos Concellos estrela, que dentro da propia Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia, e se olvida que Baiona é quizá o buque estrela do turismo en Galicia, e a pesar de todo nós pola nosa propia iniciativa vamos adiante co inestimable apoio da Deputación Provincial, porque hai que recoñecelo: si alguén se está volcando con Baiona é o Patronato de Turismo “Rias Baixas”, e isto hai que decílo así, xa me gustaría a mín



**EXCMO. CONCELO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

ter o mesmo apoio por parte da Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia, que parece que nos ignora; e esa é unha labor de vostedes, membros da oposición, dá a impresión de que se están frenando as inversións.

Pensamos que este é o mellor Presuposto que se pode presentar este ano, ano que a pesar da paralización de licenzas nós non vamos a frenar o noso desenvolvemento sostible, e me parece que é un Presuposto razoable que apoiamos dende o goberno como non pode ser doutro xeito.

SR.RODAL, PP.- Decían os concelleiros da oposición que non tiñan tempo para estudar este documento, menos no caso da Sra.Rodríguez que sí fixo un estudo minucioso do Organismo Autónomo ó que despois lle contestarei.

Como decían o Orzamento é o tema máis importante de tódolos Plenos e resulta que o Sr.Lores nos sae con que si a área voa ou non voa; o Sr.Fernández díxolle ó Sr.Vilar que si Medio Ambiente ten que non recibir tantas prestacións porque xa non fai determinados servizos, tamén lle responderei agora.

Sr.Lores: sorpréndeme cando nós pon o exemplo de Nigrán e Gondomar; nós estamos levando a este Pleno os Orzamentos; Nigrán e Gondomar, que me conste, aínda non os teñen presentados. Nigrán, e non quero falar doutros Concellos, está tódolos días chorando, chorando os cartos, e ten a maioría dos servizos estancados; pola súa parte Gondomar, e a pesar da boa disposición do Sr.Alcalde, está totalmente bloqueado, e nunca mellor dito.

O Sr.Lores falaba de que non hai investimentos, que non se fixo investimento nestes 3 anos, eu non sei si é a memoria, si é o alzheimer, non sei; mellores importantes nos colexios, nestes 3 anos, creación dun novo aparcadoiro nun tempo record, 8 parques infantís, cando vostedes só en ano e medio puxeron unha Palma que vamos a pagar con estes orzamentos todavía porque o fixeron por leasing e fixeron un tamén en Portomeán que aínda non pagaron, e saben vostedes de que falo.

Máis: Centro Antena e observatorio, o primeiro observatorio pechado de toda Galicia; un campo de herba sintética, unha pista de skate, cambio da flota de tódolos nosos camións, nova barredora e 3 camiións novos, que están circulando tódolos días polas rúas como os cidadáns poden ver, gardería infantil, Centro de Día, Centro Antena, como dixen antes, e observatorio na parroquia de Sabarís; chegase case a un 100% no saneamento, e tamén se fixo o Auditorio Centro Cultural Municipal de Belesar, que dí o Sr.Lores que porque non se fixo a súa ampliación cando como todos vostedes saben ese auditorio estivo parado, aparcado, durante 10 anos; vostedes estiveron ano e medio e non se puxo nin un ladrillo, e en 2 anos o Centro Cultural sí está funcionando; pasou vostede tamén dos paseos fluviais de madeira en Baredo, en Bahiña; todo iso non é investimento, todo iso non o disfrutaban os cidadáns.

Tamén comentarlle en canto as praias que o ano pasado invertíronse 70.000 euros, e o ano anterior 40.000 euros; como vostede sabe para conseguir as bandeiras azuis se necesita a calidade óptima das augas, polas súas analíticas, e despois tamén necesita servizos, por iso este ano hai un investimento moi pequeno porque contamos que tódolos servizos que nos piden para conseguir as Bandeiras Azuis están cubertos.

Con respecto ó Organismo Autónomo agora dicen que o presuposto (que eu son o propio Concelleiro) é pequeno porque a inversión son 4.000 euros cando fai 2 anos, que estaba outro concelleiro, decían que era tremendamente alto; entón, unhas veces porque é moi alto, outras porque é moi alto, en fin; o que me consta a mín é que este concelleiro vai a levar adiante tódolos proxectos que ten, e como o outro día a Sra.Rodríguez non estaba, pero sí o Sr.Fernández, sí lle dixen as innovacións que vai haber e se poderán ver agora mesmo en Semana Santa.

O Sr.Fernández, decía que non se tomaban medidas en canto o persoal, xa non vou a repetir que o maior desenvolvemento que se fai no Capítulo I é de Persoal, con eses 550.000 euros que van a poder mellorar a situación de 13 postos de traballo.

En canto ás parroquias, obviamente o equipo de goberno traballa no Casco, no casco en Baiona centro, pero xa falou Manolo Vilar de tódolos puntos nos que se traballa tamén nas Parroquias.

En canto ós asesores, este equipo de goberno ten 2 asesores, pero na época en que vostedes estaban legislando tropezámos con moitos máis.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

Con respecto ó concelleiro de Medio Ambiente, Manolo sabe defenderse perfectamente; e vostede sabe tamén perfectamente que si a anterior partida para o punto limpo era 90.000 euros e agora xa é de 200.000 é porque o servizo do Concello, a empresa que recolle tódolos inertes no punto limpo e os leva ós sitios homologados ten un coste altísimo e antes, neses 90.000 euros, non estaba constatado.

Decirlle á Sra.Rodríguez, que dí que non tivo tempo para revisar o orzamento, polo menos vexo que o de Turismo o víu a detalle, espero que hoxe a Interventora lle haxa solucionado algunha dúbida, que a diferenza que había entre 166.000 euros e 133.000 euros son sobre todo, polo que comentou xa a interventora, pola diferenza de salario da técnica e tamén por outras partidas como por exemplo a aportación que tes que facer tódolos anos ás Villas Mariñeiras, que son 8.000 euros.

Tamén esta vez o Organismo autónomo vai facer unha cousa que nunca había feito antes que é pedir por cooperación para a Oficina de Turismo unha persoa dende o Concello, e outra dende o Organismo Autónomo; entendemos que sí nos van a conceder esa persoa.

Decían que nós non pedimos axudas, eu levo 3 meses esperando dende a Consellería de Turismo a que me atendan, espero que agora despois de Semana Santa me poidan atender, porque obviamente senón me atenden eu non podo pedir.

Para finalizar, en canto ó stand, decir que cando se mercou se estimou en 30.000 euros e tódolos stands cada 2,3 ou 4 anos necesitan unhas remodelacións, unhas actualizacións, e nós estamos nun momento no que creemos que hai que facer unha modificación; obviamente como vostede pode entender 4.000 euros non dan para moito, é para cambiar a imáxe, sobre todo fotográfica, do stand, cando un stand novo, máis ou menos, vale 30.000 euros.

Decir tamén que este Orzamento sigue tendo unha deuda viva no Concello de 1.295.975 euros, e como xa lle dixen antes, fai 3 anos era de 3.023.942 euros, ou sexa que creo que a xestión que está facendo o Alcalde e todo o equipo de goberno é a máis correcta, estánse vendo traballos e cousas nas rúas tódolos días e á vez se está levando unha maior xestión económica do Concello. Moitas grazas.

SR.LORES, PSOE.- Falase de que as inversións aumentan, que os ingresos aumentan, vamos a ver, aquí hai un aumento dun 44% de investimento da Xunta de Galicia, un 27% que é do IBI, do ORAL un 15%, o único incremento que hai aquí do Concello é das taxas que é un 12%. Si se fala de que a inversión vai ser na calle Elduayen, sí, con 80.000 euros, pero o orzamento desa rúa é superior.

No mesmo senso queríamos falar un pouquiño de Servizos Sociais, nós estamos contentos de que aumenten de orzamento, pero vamos a ver, hai 85.000 euros no que é Axuda o Fogar, decir que bueno, eso é a Xunta de Galicia; o único esforzo directo (que nós non vamos a estar en contra, nin moito menos) é que se pasa de emerxencia social de 4.000 euros (que sempre levabamos criticando que eran poucos cartos) a 14.000; 12.000 por emerxencia social, e 4.000 por emerxencia educativa; pero repito, ese é o único esforzo municipal, co que nós non vamos a estar en contra, ó contrario pedimos si se poidera facer un pouco máis, o único esforzo municipal son eses 10.000 euros, que é o incremento real do Concello, non o orzamento de Servizos Sociais.

En Educación, voulle decir ó sr.Vilar que o esforzo que están facendo é de mantemento, non hai inversión real; e o tanto por cento de Educación é un 6,8, o tanto por cento con mantemento, que é o esforzo que está facendo o Concello con Educación que ven sendo casi igual que o que fai con Organos de goberno, un 6,5%.

Vostede fala que eu critico os salarios, non, Sr.Vilar, nin moito menos, os que sí criticaron os nosos salarios e no lo quitaron foron vostedes; eu respeto, e este grupo respeta, profundamente, os salarios do grupo de goberno; o único que exiximos é que traballen. Os que non respetaron foron vostedes, quedamos en minoría, e no primeiro Pleno deron a imaxe dunha república bananera, esa era a imaxe que vostedes facían dende a oposición, de república bananera, de falta de rigor, de falta de seriedade, de falta de compromiso.

Vostede dí tamén que a oposición está morta, o que nos faltaba é escoitar que a culpa de que os orzamentos non sexan bós é culpa da oposición, ¿qué pasa? ¿que si nós non damos alternativas vostedes non tiran para diante?, ben, non temos ningún problema, darémolas.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Falaba tamén das inversións que se fixeron na subida ó Colexio de Belesar, evidentemente que se fixeron, se ancheou a carretera, pero como “margaritas a los cerdos”, nin recollida de auga nin aceras, nin control sobre a obra, nin nada; como xa está pasando nesta rúa, que xa se está levantando o cemento. Si é provisional, non diga que xa está rematado, Sr.Vilar. Non hai criterio de seguimento das obras, nin traballo; e o salario que vostede cobre a mín parece me ben, si o merece, que eu creo que sí, ou que non, dáme igual.

Falaban de Nigrán, de que Nigrán está chorando, e o único que está facendo Nigrán é tratando de sair da deuda do PP; non é que Nigrán esté chorando, é que o PP deixou o Concello na situación que o deixou e agora teñen que tratar de sair adiante, pero aquí non nos importa eso.

Podemos seguir falando da situación económica deste Concello, indudablemente aquí houbo un déficit na liquidación de 344.000 de euros, parece que así foi, pero claro como hai un aforro neto e positivo permítenos entrar nese endebedamento no que vamos a entrar. Pero esta mesma liña de crecemento do gasto público, de falta de control do gasto, ¿a qué nos pode levar nos Orzamentos 2009?, vaian pensando, o porvir non é para botar foguetes, podemos ter un apuro; que quede constancia neste Pleno de que si as cousas seguen así poden ter algún tipo de problemilla.

Hai outra cousa que deixamos para este 2º turno: xa empeza a repuntar o iceberg do parking da Palma, xa aparece a primeira inversión de 21.000 euros para o parking e aínda non sabemos canto nos costou, aínda non sabemos en que situación estamos e agora xa falan de que hai que invertir; ou sexa, primeiro metémosnos ahí, nós pedimos, aconsellamos, e dixemos, que había que facer antes un estudio, unha auditoria, para saber como estaba a situación, vostedes botáronse sen paracaídas e ahí estamos; aínda non sabemos o que nos vai a costar (ou sí, xa temos algunha idea) e xa estamos invirtendo ahí. Tanto é así que aparece unha partida confusa, que dí “Consultoría Arquitecto, aparejador, asesor jurídico, mantenimiento de zonas verdes y estudio parking de la Palma”, un estudio de viabilidade, ¿cómo cuantifican eso?, non sabemos, aquí aparece esta partida e non sabemos nin canto nos vai a costar. Nós pedimos por activa e por pasiva en 2 Plenos que pararan, que tiveran sentidíño e que estudiaran o que ían a facer, botáronlo por terra.

Sinto que ó Sr.Vilar lle parezca mal que nós falemos dos incrementos; un 26% destes incrementos van en Organos de goberno, Sr.Vilar, a mín paréceme ben que o cobren pero é que hai Concellerías que non sabemos exactamente o que están facendo nin que se vai a facer, e incluso hai Concellerías que non teñen consignación presupostaria.

Parécenos ben que vostedes queiran ter unha cobertura administrativa e que queiran seguir nesta continua paralización dun pobo, a iso é ao que nos están levando, Sr.Vilar; e cando vostede fala de Portos de Galicia parece que fala con resentimento; cando alguén fai as cousas mínimamente ben, a vostede parécelle mal.

En principio anunciar o noso voto negativo a estes Orzamentos por falta de dirección política, sendo uns orzamentos que técnicamente están ben como non podía ser doutro xeito posto que temos un bó equipo administrativo.

SR.ALCALDE.- Aínda que fora só por iso: porque técnicamente están ben, xa debía ser un voto de abstención e non un voto negativo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Antes de que se me esqueza vou a facer un Rogo: unha de dúas, ou arregla vostede a pechadura do Salón de plenos ou modifique o Capitulo I e meta á señorita Milucha cun suplemento, por favor. E unha suxerencia que lle fago ó equipo de goberno porque acaba de decir o Sr.Vilar que non facemos propostas e esta vai ser unha; o digo sen ánimo de ofender a ninguén.

Sr.Vilar, ten que aclararse dunha vez por todas: ou somos mortos hábiles ou estamos mortos, ou somos mortos hábiles ou hábiles mortos, aclárese; nós si temos que presentar alternativas será porque vostedes xa teñen asumido que no equipo de goberno non hai competencia para facer uns Orzamentos, é decir, vostedes teñen que acudir á oposición para que lle digan o que teñen que facer e onde teñen que gastar o diñeiro cada ano, pois teremos que tomar nota, evidentemente. Lle vamos a decir cales son as carencias que hai sobre todo nas parroquias, que é por onde menos andan vostedes, polo que vemos no Orzamento.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Vamos a ir por partes: "Medio Rural nos chorizou un saneamento en Bahiña", mire, a realidade, explíqueilla eu en Bahiña, no Centro Cultural, cando foi o debate dos cabezas de lista, ¿se acorda?; Medio Rural invirte en saneamento en toda Galiza, e en Baiona tamén, cousa que non facía o PP cando en Baiona estaba gobernando o BNG; o PP estrangulou as subvencións todas e nunca nos recibiron, Sr.Rodal, para darnos ningún tipo de satisfacción nin contestación en ano e medio; así que si vostede leva esperando 3 meses, espere 4 que ao mellor os acaban recibindo. De tal xeito que que eu recorde fai 1 ano aproximadamente Vicepresidencia deulle 100 millóns de pesetas para o Centro de Día, 600.000 euros.

Medio Rural tamén deu unha partida para o saneamento de Bahiña pero resulta que ese saneamento tiña que levar aparelhada unha xestión que era pedir autorización ós veciños para pasar o saneamento, e como ese era moito traballo para vostedes (naquel momento o Concelleiro de Medio Rural era o Sr.Rodal), como era moito traballo, o que fixeron foi non facer o saneamento e meter un bombeo para bombear auga e Medio Rural non lle vai dar para o mesmo saneamento dúas subvencións; fixeran ben os deberes na primeira parte, non o fixeron e agora terán que buscar outro tipo de subvención para facer ese saneamento porque Medio Rural ao que non está disposto é a tirar os cartos porque é diñeiro público e ten que ser xestionado correctamente. Fagan vostedes o seu traballo e entón as Consellerías farán o déles.

Falou vostede dos soldos; eu non lle critico o seu soldo, como decía o compañeiro do PSOE eu o que critico é que para os concelleiros o soldo que se lles está pagando non están sendo rentabilizados, evidentemente; a mín si un concelleiro cobra 1 millón ó mes pero rentabiliza ese soldo, benvido sexa, non hai nada que decir; agora ben, hai concelleiros aquí, e concelleiras, que non se lles coñece nin oficio nin beneficio, non se sabe o que están facendo, con Concellerías moi concretas ademáis, que teñen que recibir asesores pagando salarios impresionantes para non sei que, nin cal é o traballo que teñen que facer, non o entendemos.

E evidentemente que os Orzamentos están baseados en criterios políticos, como o Plan Xeral, criterios políticos, lóxicamente, ¿ou vostede cando fai unha casa o arquitecto fai a casa que lle dá a él a gana?, non, fai a casa que vostede lle manda, senón contrataría vostede outro arquitecto; eu non vou a facer unha casa de 5 habitacións si quero unha de 3, evidentemente, criterios políticos. E iso haberá que recordarllo en outros debates: que son criterios políticos, os dos Orzamentos e os do Plan Xeral tamén.

Falou vostede de infraestructuras, mire, non hai cousa máis longa que unha obra da Deputación, e temos a proba en Bahiña, ¿cántos anos levou dende o seu inicio ata o seu remate?, e iso sí, cando chegamos a un veciño que pón peros á expropiación non se lle realiza un expediente de expropiación, non, non, se para a beirarúa e ó chegar alí os veciños que monten pola carretera; en Baredo está pasando exactamente o mesmo, non hai xestión municipal que consiga os terreos necesarios para o ensanche da carretera de Baredo e resulta que os veciños de Baredo teñen que ir por camiños de cabras tódolos días, esquivando baches. Os seus amigos da Deputación, que manexan todo canto queren manexar, non teñen tempo para facer esas obras; eso sí, cando hai un Director Xeral de Estradas, que ten que deixar a Xunta porque perderon as eleccións, o metes ahí e ó día seguinte xa é colaborador de non sei que, Sr.Agustín Hernández; debiera caerlle a cara de vergonza ó PP; sabe Deus cantos parados van a aparece na oficiña do INEM o día que perdan as Deputacións, va a ser desbordantes, porque todas estas persoas que perden o seu posto político si van a acabar todos na Deputación non vai haber Orzamento que o soporte, evidentemente.

O mesmo podemos decir da carretera do Xuncal; en vésperas electorais ven o Sr.Presidente da Deputación, non a inaugurar, a visitar, as obras, eso sí: se encargan vostedes de avisar a media vecindade de Sabarís porque ven o Presidente da Deputación, a tódolos Concelleiros dos Concellos limítrofes, e debería caerlle a cara de vergonza porque é que a beirarúa segue sen baldosas e a barandilla do río segue sen facer; eu me imaxino que tomarían boa nota de que están sen rematar ¿ou esperan rematalas para as próximas eleccións autonómicas?, posiblemente sexa así xa que é o que nos ten acostumbrados toda a vida o PP.

Falemos da gardería, enderezáronla, ¡vaia informe do Arquitecto que decía que tiña que gastar non sei cantos euros en enderezar o desnivel que tiña a primeira placa! ¿se acorda?, vaia si a enderezaron, a base de pasta, pero resulta que agora para inaugurar a gardería non teñen diñeiro nin para facer o



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

sótano e adecuar o entorno; por iso, como non hai pasta, o mellor fan oídos sordos á recomendación da rúa Genova, de Madrid, e se involucran no Consorcio Galego de Benestar e convirten a gardería nunha galaescola que era o que tiñan que haber feito dende fai moito tempo; me alegro, Sr. Alcalde, me alegro de que recapaciten e que entren no consorcio, polo ben dos baioneses e das baionesas.

Falou vostede do aluguer da nave de Bahiña, ¿porque non desenrolaron o Polígono?, si se desenrola evidentemente vai haber espazo dabondo para que os alugueres se eliminen; e me parece ben que o haxan alugado, me parece ben; o que sí é certo é que vostedes están facendo unhas inversións nun edificio que é nefasto para a imaxe de Baiona, que é a Plaza de Abastos, cando ese edificio o único fin que tiña que ter era tiralo abaixo, así de claro, tíenlo abaixo e nós o apoiaremos, e recuperen ese espazo como público, ¿para facer iso?, evidentemente antes hai que ter onde meter as cousas, e iso se fai desenrolando un polígono industrial, e vostedes sábenlo ben.

E vostedes sí teñen responsabilidade no mercado; unha cousa é a Plaza de Abastos e outra é o edificio; e teñen responsabilidade tódolos días cada vez que van pola rúa e pasan polos vendedores ambulantes, que están vendendo descaradamente a concelleiros do grupo de goberno cando non pagan impostos; os impostos os pagan os señores que teñen na Plaza de Abastos os seus postos e teñen unha competencia desleal, e vostedes son cómplices desa situación. Vostedes teñen que erradicar a venta ambulante neste Concello, e non potenciála comprándolle mercadería ós vendedores ambulantes, iso é competencia desleal para os comerciantes da Plaza de Abastos.

Falou tamén de 3.000 euros para o preescolar de Baredo, pois será para reparar os cristais porque non dá para moito máis; é a inversión que vai facer o Concello de Baiona, aparte da antena, que eu tiña entendido que a ía a pagar a Comunidade de Montes, pero non sei, ao mellor teño unha información que non é correcta, ou será unha subvención, ou parte do orzamento desa antena.

Respecto ós saneamentos, o Concello aporta o 20%, eu tamén estiven gobernando Sr. Vilar, e eu fixen máis saneamentos en ano e medio que vostede en moitos anos, sobre todo nas Parroquias, porque non había nada feito, e o PPC, o POL, o PAM, todos eses Plans provinciais os aporta a Xunta, o Estado, Europa, a Deputación, son plans específicos, e vostede meteullos sempre no casco de Baiona sacándollos as Parroquias, cando o diñeiro lle pertencía as Parroquias; esa é a política do PP. En cambio o diñeiro que ven para o casco, ese non o consiguen, ese dá traballo.

Creo que lle quedou a vostede unha partida atrás: a da piscina ¿non se recorda da piscina?; quedoulle outra partida atrás: á do Auditorio ¿xa non hai auditorio?, oxalá; recapaciten e cambien a idea da parcela dos Tendales e fagan caso á Consellería de Vivenda que está disposta a facer ahí máis de 40 vivendas de protección autonómica, soamente fai falta que o equipo de goberno poña a disposición da Consellería esa parcela; e ésta e a proposta que lles facemos nós agora mesmo: vostedes poñan a parcela a disposición da Consellería e acompañaremos ó Alcalde a Santiago e lle decimos á Conselleira Teresa Taboas “aquí ten a parcela, faga vostede tódalas vivendas posibles de protección autonómica para a xente menos favorecida de Baiona”. Polo tanto, Sr. Vilar, isto non é unha panacea; non faga vostede como o señor portavoz do PP que nos describiu aquí o Concello “del País de las Maravillas”; fixo vostede aquí Sr. Rodal un recopilatorio que nin que estiveramos nun mitin do PP, incluso presumiu de obras e de proxectos que viñan da lexislatura do equipo de goberno anterior; ou o Centro de Antena ¿decidiu vostede facelo alí?; hai cousas que se poden dicir e o público pode creer pero a realidade é ben distinta; eu me acordo da ponte do Xuncal, onde o librito que anduvo repartindo o equipo de goberno por tódalas parroquias decía “obra de mejora del acceso al Xuncal”, esa obra Sr. Rodal, o dixen eu na Deputación, a copiaron literalmente, orzamentariamente, e a adxudicamos o equipo de goberno do BNG-PSOE, e nos aseguramos moito que non quedara bloqueada a situación para que vostedes non deran marcha atrás porque si houberan podido desfacer o feito o houberan feito, houberan evitado facer esa inversión nesa parroquia, e vostedes sabenlo moi ben: non poideron dar marcha atrás, senón esa ponte a día de hoxe non estaría feita. Como tamén deron marcha atrás noutras partidas orzamentarias; falaba o Sr. Vilar de partidas para maquinaria que o equipo de goberno anterior tiña 60.000 euros para mercar un tractor para o Concello porque era necesario e urxente, e vostedes o gastaron en piruletas, polo tanto vamos a ser serios. Hai que falar con rigor e sobre todo con credibilidade, hai que falar con datos serios, non vaíamos a montar aquí unha película para que a xente o crea, non fixeron nada de nada, o pobo está que dá pena e siguen coa mesma política: a inversión, a





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

verdadeira inversión dos orzamentos, se mete no Casco de Baiona, non nas parroquias. Nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Neste último turno vou a intentar falar con seriedade e ser breve. Con relación á primeira intervención do portavoz do PSOE quero aclararlle simplemente que a rúa Lorenzo de la Carrera se fai en 2 tramos; hai un tramo que xa está feito ata a rúa Conde, xa rematado, e hai outro tramo que de feito o que se fixo foi botarlle un pouco de formigón na xunta das pedras, pero este tramo se vai a levantar, non é o definitivo, que se vai a escomenzar despois do verán seguindo todo o plan que nos marca Patrimonio que é facendo as excavacións arqueolóxicas, o que pode retrasar a obra, recuperando todo o posible a pedra que haxa que recuperar, pero iso terán que decirlo os canteiros, e se fará por tramos para non ter que interromper a obra. Existe un plan de traballo e por suposto empezaremos despois do verán, ou se empezará agora pero traballando picando a pedra para intentar recuperar a que xa temos ahí en reserva que logo vai a substituír a este segundo tramo, polo tanto non é unha obra que xa esté ahí definitiva senón que é algo que se vai a facer.

En canto á crítica que fixo sobre o Orzamento do 2009, eu son moi optimista de cara á situación económica do Concello, o digo con toda sinceridade, somos un Concello que temos un endeudamento dun 15% cando os Concellos poden endeudarse incluso superando o 100%, hoxe en día, polo tanto temos un gran márxese de manobra, como moi ben decía onte o Alcalde ós periodistas, que nós temos que ser optimistas con respecto á situación económica do Concello de Baiona; estamos administrando con moita responsabilidade o noso presuposto, non nos queremos meter nun endeudamento excesivo, e eu espero que seguindo este plan nos permita, dentro do que é esta lexislatura, non endeudar ó Concello excesivamente e sobre todo deixálo nunha situación saneada, que iso é bó para todos, especialmente para os que viven do Concello, os traballadores, que teñan a seguridade de que os seus salarios se van a garantir sempre.

Tocou tamén vostede o tema das inversións que se fixeron no aparcadoiro da Palma, mire, quizá unha das decisións importantes que se tomaron na presente lexislatura era a recuperación deste aparcadoiro; eu xa sabía que sí se podía recuperar porque de feito os Pliegos así llo permitían, todos sabíamos que estaba intervenido xudicialmente por uns Síndicos que, o meu xuízo, e llo digo claramente, non cumpriron a súa función de Sindicatura, porque unha sindicatura ten que adicarse en principio a amortizar parte das deudas, non o fixeron; afortunadamente creo que a situación agora é moi beneficiosa para o Concello, si ben agora ten que haber unha serie de gastos de funcionamento cando se saque a nova concesión, que pode sacarse por 50 anos, pode implicar importantes melloras tanto na superficie como no propio funcionamento do parking, isto nos porá a nós nunha situación de ventaxa, e neste caso creo e felicito plenamente, xa felicitei, á Interventora, á Secretaria, que superon ir ó quiz da cuestión, e sobre todo á Corporación que rescatou este ben importante para Baiona e que nun futuro vai a mellorar, repito, tanto a superficie como o propio funcionamento. Isto vai ser beneficioso para todos.

En canto o que decía tamén o Sr.Lores sobre as inversións das Consellerías, hai algunhas que sí, coas que temos que estar satisfeitos, como é da Medio Ambiente da Xunta de Galicia, estamos contentos, cumpriron os compromisos coa depuradora de Silleiro, co río Groba, sí que estamos satisfeitos con esa Consellería; hai outras que non están a esa altura, xa me gustaría a mín que a COPTOPV invertira máis en Baiona, ou a de Medio Rural, e que non nos tacharon políticamente por ser doutro signo, e que non fagan máis decisións unilaterais como a que tomou Portos de Galicia, porque mire vostede, cando 3.000 persoas se manifestan nas rúas por decisións arbitrarias de Portos de Galicia iso non é manipulación, a xente non se deixa manipular facilmente, e vostede sabe que foron 3.000 persoas as que se manifestaron; teño que dicir que tamén o BNG se manifestou, e é consciente de que a Xunta de Galicia está actuando en determinados aspectos de maneira abusiva. Eu espero que se rectifique ese rumbo e dalgun xeito o porto de Baiona se desenrole de xeito sostenible e racional.

Eu sei que Xose Enrique, como portavoz do BNG, pode coincidir conmigo bastante nese senso, pero agora vou a contestarlle ás súas intervencións; Medio Rural en Bahiña, mire vostede, o que fixo alí Medio Rural foi unha actuación teledirixida por vostede para que nos sacaran o saneamento do río porque o saneamento do río vai pola carretera, ahí non hai que expropiar nada, e vai por caída libre, non vai por bombeo; polo tanto, Sr.Fernández, o Conselleiro é Roberto Alcazar e vostede é Pedrín, vostede



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

é quen está facendo ahí o traballo sucio, é verdade; vostede nestes momentos é o primeiro responsable de que nos haxan chorizado un saneamento en Bahiña, é vostede, que ten bastante influencia na Consellería.

En canto a que a nosa acción de goberno ten uns criterios políticos, está claro, claro que sí, pero son uns criterios claros e transparentes que parten dunha realidade que é Baiona, e nós coñecemos nosa realidade; senón houbera criterios políticos dificilmente estaríamos aquí falando, e son criterios positivos porque ó fin e ó cabo a ninguén lle procesaron por cuestións raras, son criterios que poderán gustar ou non pero se axustan á legalidade.

En canto á Deputación, afortunadamente é unha Administración cercana que se está volcando en Baiona nos últimos anos; dende fai bastante tempo a Deputación fixo posibles que estradas como a da Virxe da Rocha, como a de Bahiña, como a de Belesar, que son carreteras provinciais, haxan mellorado considerablemente, e haxan feito un traballo de ensanche, que non é fácil, porque moitas veces a labor que fai a Deputación de negociar veciño con veciño é unha labor complicada e difícil porque xa saben o que lles costa os veciños ceder; os políticos temos unha visión global do que é a ampliación dunha estrada, pero os veciños non o ven así, e hai que pelexar con todos, ún por ún, e iso a Deputación o fai admirablemente ben. Eu espero que se remate agora a carretera que vai dende Baredo a dar coa da Virxe da Rocha, é moi importante, pero repito que é unha labor difícil aínda que temos o apoio da Deputación.

Sobre o tema da Gardería hai que dicir que é un tema complexo porque cando ún saca un concurso público para adxudicar unha obra e a colle unha empresa, que gaña con legalidade ese concurso, pero logo por razóns alleas a nós, dá en quiebra, cousa posible nunha economía de libre mercado, pois pón a Administración nunha situación difícil e houbo que enderezar todo o tema desta empresa que colleu moitas obras en Galicia e que deu en quiebra, e de feito penso que este goberno encauzou de maneira positiva o tema da gardería, e que conste que eu posiblemente non a faría nese lugar e reservaría ese solar para outra cousa, pero respecto as decisións tomadas e agora temos que defender esas decisións aínda que se adoptaran noutra época.

Respecto ó tema de Bahiña, vostede a verdade é que está madurando politicamente, porque cambia, vostede foi un enéximo acérrimo do polígono industrial de Bahiña, ofrecía outra alternativa, e resulta que acabamos de escoitar que porque non desenrolamos o polígono de Bahiña, perfecto, pegou vostede un cambio radica, isto é moi positivo para o futuro do plan xeral. Eu son un defensor dese desenrolo do polígono, e que conste que nós alugamos esa nave de xeito provisorio, cando se desenrole o polígono de Bahiña este Concello vai dispór do 10% do chan dese polígono, e entón será ahí onde teremos que ubicar a nave municipal definitivamente. Me congratula que vostede cambiara e defenda agora o desenrolo do polígono de Bahiña.

En canto ó de tirar abaixo a Plaza de Abastos penso que non é unha afirmación responsable, podemos discutir si o uso que se lle dá ó edificio é mellor ou é peor, e podemos abrir un amplo debate, pero tirar un edificio con eses volume, que está ubicado onde está, iso é un patrimonio municipal de miles de millóns, é algo moi grande, vostede imaxínase o que pode valor ese edificio no sitio onde está, e eu lle digo ¿qué facemos con ese edificio?, é un tema político de calado; e eu non estou dacordo co uso que se lle está dando pero hai que abrir un debate; posiblemente poida ser un centro dinamizador para o desenrolo económico de Baiona, pero todos temos que arrimar o hombro, estes debates son os que xustifican estar nunha Corporación; é un edificio que está infrautilizado, e que o futuro de Baiona ten que pasar por darlle un uso que transforme a vida económica de Baiona, iso é o que pensamos; posiblemente haxa que aunar o esforzo de todos para acertar co uso que lle teremos que dar, ese é o debate, pero non tirálo.

Sobre as inversións do POL, PPC, PAM, mire, para que iso se invirta en saneamentos nas parroquias se require unha vontade política de facer saneamentos, podíamos facer outras cousas, pero é que este equipo de goberno apostar por levar o saneamento a tódolos puntos do Concello. Eu nunca discuto cando un plan destes se mete en saneamento, pode ter a iniciativa o Alcalde ou pode téla calquer membro, e nunca discutirei nada de iso, porque sei o difícil que é artellar a rede de saneamento integral do Concello. Na nosa época nós fixemos o que é a rede xeral, pero por suposto articular agora a rede secundaria é complicado, e vostede vive no rural e sabe que as veces hai que utilizar bombeos e se



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

pode atopar cun veciño que non lle deixa pasar o saneamento pola súa finca, como ocorre en moitísimos casos; penso que hai vontade política en invertir en saneamentos e nós sempre vamos apoiar esas inversións.

A piscina, auditorio, etc. Vamos a esperar uns mesíños e seguro que haberá sorpresas importantes e agradables, ademáis. Esa é a nosa liña e non lle vou a decir nada máis. Vostede é o responsable de que en Sabarís non se unera o PERI III e o PERI IV e se obtivera alí unha parcela para facer o pavillón de Sabarís, vostede é o responsable porque non me apoiou no seu día, si o houbera feito alí teríamos unha parcela, porque o difícil é atopar o terreo, non o edificio; Baiona necesita terreos para infraestructuras, iso é o importante, e vostede sabe que non hai Pavillón en Sabarís porque non o apoiou.

En canto á ponte do Xuncal simplemente decirlle que a vostede case o linchan, ¿sabe porqué?, porque vostede quería facer a ponte usurpando un terreo a un propietario que con vostede era imposible que chegara a un acordo, e vostede o sabe, e tivemos nós que dialogar con esa persoa para que nos cedera practicamente gratuitamente ese terreo; e sabe tamén que ese tema, que vostede apoiou nun principio, non sería capaz de levalo adiante salvo que recurriera á expropiación, pero nós chegamos a un acordo.

Quería contestar posto que é a miña obriga contestar coa verdade que, ó fin e ó cabo, é a que ten que prevalecer nestas cuestións, moitas grazas.

-----  
**(Nestes intres, sendo as 13,55 horas sae da sala a Sra.Pérez Vieira, do PSOE).**  
-----

SR.ALCALDE.- Facer uns comentarios para rematar; é a primeira vez dende fai moitos anos, creo que é un dato importantísimo, que a oposición non fai ningunha aportación ó Presuposto Municipal. Recordo que no único presuposto que aprobaron vostedes, o PP presentou 70 alegacións, e tamén deron o tempo que deron, e a xente do PP tamén traballaba; é a primeira vez que isto pasa. Segunda, o único Concello que nestes momentos está desenrolando vivendas de protección oficial de toda a área, excepto Vigo, é Baiona, e cando algún fala de que hai que buscar vivendas para os máis desfavorecidos decirlle que o grupo de goberno o está realizando e sen embargo non viven en chalets.

Da Deputación, mire, aquí hai 2 deputados, e a persoa que lles fala dí que a Deputación está facendo o que ten que facer que é estar próxima ós Concellos. Hai outro partido político que dí que quere que desaparezan as Deputacións, ¿sabe en Lugo como desapareceu a Deputación?, hai tantos deputados do BNG como vicepresidentes na Deputación de Lugo, é dicir, non desaparecen as Deputacións, o que se crean son Vicepresidencias.

Decía o sr.Vilar que algunhas persoas cambian de criterios; unha noticia que saíu na prensa fai 1 mes, hai unha defensa parece ser que contra o Plan Xeral por parte dalgunha xente que dí non ó campo de golf en Baiona, e dí "la Xunta apuesta por el idioma y el golf para traer más turistas a Galicia este año", palabras de Rubén Lois e Xesús Pereira, pertencen ó BNG, igual tamén teñe vostede que cambiar neste tema.

Hoxe é un día importantísimo, se aproba un presuposto de 8.600.000 euros, cunha inversión de 769.000 euros, cunha inversión en curso de 2.258.000, onde se vai subir o presuposto de Benestar Social un 45%, ó de Educación en máis dun 20%, onde se vai incrementar o gasto de Persoal para crear plazas e dar estabilidade ós traballadores, dandolles melloras, incremento de 550.000 euros, e o único triste do día de hoxe, que espero que sexa so unha frase dentro do debate, é escoitar que vamos a pasalo mal porque a Xunta non vai aprobar o Plan Xeral de Baiona no 2009. Eu espero que o faga no 2008, espero que iso non sexa unha premonición de alguén que quer atar, como xa atou noutros Concellos, para que non crezcan; creo que Baiona está por encima de iso. Moitas grazas a todos, ó equipo técnico, e sobre todo grazas ó equipo de goberno, a todos os concelleiros, aínda que algún dí que non ten presuposto, que non aparece, pero como saberá a oposición quen delega é o Alcalde e o Alcalde está orgulloso de cada ún dos concelleiros do equipo de goberno, creo que están aportando experiencia, traballo e dedicación, e oxalá persistan nos seus postos moitos anos. Procedemos á votación.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

Concello para que todo sexa dacordo cos seus gustos e intereses.

**Polo Sr.Alcalde sométese a votación a APROBACIÓN do:**

- **Orzamento Xeral do Concello de Baiona para ou exercicio 2008, por importe de 8.616.132,53 €, segundo Estado Consolidado que se achega ó Orzamento, e que se divide en:**
  - **Orzamento do Concello por importe de 8.601.232,53 €**
  - **Orzamento do Organismo Autónomo Local Turismo de Baiona polo importe de 133.900,00 €**
- **Dás Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para o ano 2.008**
- **Do Plan de Investimentos para 2008**
- **Dá plantilla de funcionarios, a relación de postos de traballo e as súas modificacións, e o cadro de persoal laboral.**
- **Dá Relación nº 01-RE/08 de recoñecemento extraxudicial polo importe de 264.291,75 €, aprobando, comprometendo o gasto e recoñecendo as obrigas que se derivan das facturas incluídas na mesma, a favor dos acredores e con cargo ás partidas do Orzamento de Baiona para o ano 2.008 que se detallan, e o abeiro do artigo 217 do TRLHL, e resolvendo o reparo incluído no informe de Intervención nº 18/08**
- **Da solicitude de unha operación de crédito polo importe de 340.446,37 € con las condicións económicas fixadas nas Bases de Execución.**

co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 6 en contra (4,PSOE, 2,BNG).

**E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:**

**APROBA-LO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE BAIONA PARA O EXERCICIO 2008, por importe de 8.616.132,53 €, segundo Estado Consolidado que se achega ó Orzamento, e que se divide en:**

- **Orzamento do Concello por importe de 8.601.232,53 €**
- **Orzamento do Organismo Autónomo Local Turismo de Baiona polo importe de 133.900,00 €**
- **Dás Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para o ano 2.008**
- **Do Plan de Investimentos para 2008**
- **Dá plantilla de funcionarios, a relación de postos de traballo e as súas modificacións, e o cadro de persoal laboral.**
- **Dá Relación nº 01-RE/08 de recoñecemento extraxudicial polo importe de 264.291,75 €, aprobando, comprometendo o gasto e recoñecendo as obrigas que se derivan das facturas incluídas na mesma, a favor dos acredores e con cargo ás partidas do Orzamento de Baiona para o ano 2.008 que se detallan, e o abeiro do artigo 217 do TRLHL, e resolvendo o reparo incluído no informe de Intervención nº 18/08**
- **Da solicitude de unha operación de crédito polo importe de 340.446,37 € con las condicións económicas fixadas nas Bases de Execución.**

**2.-APROBACION, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DO EQUIPO DE GOBERNO RELATIVA O VIXENTE REGULAMENTO DO XOGO.**



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra. Marcote, PP, quen da lectura ó seguinte:

**MOCION PROPOÑENDO ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN CO VIXENTE REGULAMENTO DO XOGO**

Os grupos municipais, PP, CMÑ, e BNG, presentan para o seu debate e a súa aprobación, a seguinte proposta de acordo para tentar de solucionar a problemática surxida na Asociacións Culturais como consecuencia da realización dos bingos.

**EXPOSICIÓN DOS MOTIVOS**

A nosa terra, é terra de tradicións, entre as cales, ou dentro das cales, ou cicais formando un todo coas cales, destacan con sitio propio as romarías do noso rural, as festas das nosas parroquias, o cultivo da nosa cultura, do noso folclore, e esa ansía de manter vivas, festas e romarías, tradicións e cultos, espallados por todo o mapa galego.-

Esta carga, tanto organizativa como financeira, foi soportada sempre pola veciñanza, con donativos, aportacións económicas, e mais en especie, subastas, rifas, e sempre cun traballo arreo, en postos de venda, asistencia a curros, a outras romarías, etc.,

Entre as actividades a través das cales se achegan fondos para financiar todo isto, e outras actividades culturais (merca de vestimenta para grupos de gaitas e baile, indumentaria de grupos de teatro, celebración de eventos, etc.), as diferentes Asociacións, Comisións de Festas, Centros Culturais, etc., puxeron –dende fai moito tempo- en marcha unha actividade social, entre os parroquianos, baseada na idea da antita Lotería Doméstica, hoxe bautizada como BINGO.-

Un sorteo, no que, os premios son alimentos, artigos de limpeza, útiles domésticos, donacións de particulares, etc., NUNCA hai premios en metálico, e está moi taxado a gasto puntual de cada quen. Máis que un sorteo, tratase dunha reunión social da veciñanza que ten como motivo o sorteo, pero como finalidade reforzar os lazos de coexión socio-veciñal en todo o noso rural.-

Esta actividade, ademais de facilitar a financiación de tódolos eventos devanditos, creou un espacio de ocio social moi singular en todo o noso rural, conquistado que moitas persoas tiveran a posibilidade de relacionarse cos demais veciños, creando un espacio de tertulias e potenciando a convivencia veciñal.-

Ningún pensou nunca en facer, do mal chamado “BINGO”, un negocio, ningún pensou nunca que ese “entreteñemento social” puidera ser calificado coma un rendemento algún polo seu esforzado traballo. Traballo que se realiza en horas festivas ou de mecer.-

Por iso, e sen menoscabo do dereito a esixir o cumprimento das Leis, as actuacións realizadas por parte da autoridade conquistou sementa-la incertidumbre entre as asociacións, o desanimo entre o vecindario, e unha cascada de prexuízos que o “efecto dominó” vai a transmitir a: orquestras, bandas de música, empresas de son e alumado, pirotécnicas, venda ambulante, hostalería, atraccións, e un longo, etc.,

Nunca houbo ánimo infractor, e moito menos obtención de lucro a través desa presunta infracción administrativa, quizais como motivo do descoñecemento da normativa, , máxime se temos en conta que normativas sobre o mesmo tema, dentro das demais



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

comunidades autónomas españolas, son moito mais permisivas, e, non afectan, nin atacan os pilares dunha tradición rural, que sobrevive a un vacío legal no seu sistema de financiamento e desenrolo.-

Non é unha loucura instar un trato igual, con outras comunidades, pedir unha excepcionalidade, pregar unha moratoria, conquistar unha reforma, e sobre todo solicitar un análise profunda da problemática para chegar a mellor das solucións.-

Polo exposto propónse a Corporación Municipal que adopte acordo no senso de:

1º.- ESIXIR a Xunta de Galicia, a través do Parlamento que con unha actuación de urxencia, proceda a :

**a). SUSPENDE-LA aplicación do vixente REGULAMENTO DO XOGO DO BINGO EN GALICIA, nos aspectos que afectan as Asociacións SEN FIN DE LUCRO, en tanto en canto non se resolve de forma definitiva a problemática creada.-**

**b). RECTIFICAR, o artigo 2 do REGULARMENTO DO XOGO DO BINGO no senso de:**

Incrementar a cantidade que cada xogador pode arriscar en cada partida nos xogos que as asociacións sen fins de lucro inscritas no correspondente rexistro administrativo realicen nos seus locais cando a finalidade do xogo teña como obxectivo o financiamento das actividades culturais, sociais promovidas polas devanditas asociacións.

2º.- INSTAR a Xunta de Galicia que suspenda cautelarmente a instrucción dos expedientes en curso, polas presuntas infraccións administrativas realizadas polas asociacións veciñais que sen ánimo de lucro, funcionan en toda Galicia.-

3º.- AUTORIZAR as asociacións culturais a que a actividade obxecto destes acordos poida seguir levándose a cabo, baixo os controles e directrices que o goberno estime oportuno imponer, ata que se produza unha resolución definitiva.-

**(Neste intre entra na Sala a Sra.Pérez Vieira, PSOE)**

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Presentamos 2 enmendas ós 2 primeiros puntos da Moción, nas súas esixencias e solicitudes, curiosamente traballamos e damos alternativas, a oposición moitas veces non está morta. Como xa dixemos na Comisión Informativa o grupo municipal socialista está absolutamente dacordo en buscar unha solución ó problema que teñen este tipo de asociacións que organizan o chamado bingo social. Nestes intres non están amparadas pola lexislación vixente, as súas fontes de financiación son moi escasas e quizá unha das máis importantes sexa ésta, o que lles facilita a financiación para poder facer os seus actos culturais, deportivos, sociais, as súas festas patronais, etc., estas asociacións nos fixeron chegar unha moción a todos os grupos políticos, nós tamén estivemos con eles e estamos dacordo en solucionar o problema e tamén estamos dacordo en que non sexa soamente esta Corporación quen faga unha moción unánime para apoiálas senón que tamén os partidos políticos poidan apoiálas, cada ún de nós no seu grupo parlamentario, que é quen debe modificar a lexislación vixente e que nestes intres perxudica a estas asociacións. Presentamos as enmendas por iso, porque creemos que Baiona debe recoller a inquietude e trasladálo políticamente; entendemos que nos 2 puntos primeiros da Moción realmente nos metemos en vericuetos xurídicos, confusos, non son realmente exactos nin correctos xuridicamente, e creemos que a modificación que propoñemos facilita moito máis o que estas Asociacións piden que realmente son 3 cousas moi claras, 1.- Modificación do regulamento do xogo. 2. Que se paralicen os



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

expedientes sancionadores en vigor, e 3.- Que poidan seguir coa súa actividade e non supoña unha sanción.

Polo tanto, o grupo municipal socialista, o que fai é unha nova redacción do punto 1 e do punto 2, e facilitar o mesmo contido no punto 3, e a exposición dos motivos obviamente tamén respetála.

Creemos que é moito máis correcto, moito máis político e creemos que os partidos políticos deben trasladar, tanto ás autoridades autonómicas, como ós grupos parlamentarios que poden modificar a lexislación vixente, e debemos comprometer nos a elo, como xa llo dixemos ás Asociacións. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu me imaxino que na Moción quedaron recollidas tódalas enmendadas que se habían feito porque é que a Concelleiro falou tal e como había vido, de tódolos xeito a mín na acta da Informativa a mín se me chama Xose Manuel Fernández Fernández, e non me chamo así.

Nós estamos dacordo coa moción inicial pero tamén nos parece ben a enmenda que fai o PSOE, nos parece correcta e polo tanto vamos a apoiála. En todo caso dicir que non nos parece, non sei si dicir correcto, ou doutro xeito, que evidentemente a Policía actuou nas parroquias de Baiona e dos Concellos limítrofes, con respecto ó que marca a Lei, pero aparentemente dan a imaxe de que queren matar as moscas a cañonazos, non nos parece unha situación nada grave para os veciños que estén xogando como nunha familia e que apareza alí a Policía e nos sei si os trataron como delincuentes, ou como foi, pero a situación foi moi desagradable e creemos que isto ten que ser modificado.

Polo tanto nos parece correcta a enmenda do PSOE e que debe ser unha proposta fundamentalmente política para que cambien as medidas e estou seguro de que isto vai saír adiante, tanto aquí como no Parlamento de Galicia, que isto se vai a reformar porque non ten sentido ningún que sexa doutro xeito.

SR.VILAR, CMÑ.- Creemos que a xente que utiliza estes bingos o fai de moi boa fé, sobre todo para levar adiante festas patronais e actividades nas súas parroquias, e polo tanto creemos que deben ter o noso apoio. E unha forma de entretenemento sen ningún ánimo de lucro e como quedou ben claro na C.informativa buscamos un consenso, houbo unha moción, se modificou e se aceptou ese consenso. O PSOE presenta agora aquí unha enmenda que parece estar dacordo pero por outro lado parece que non, que din que coa Xunta de Galicia hai que ser moi cauteloso neste tema, e no outro, e a verdade é que nós estamos a favor da moción tal e como se presentou e como se debatíu na Comisión Informativa. O noso grupo vai a votar a favor da mesma.

En canto ó plantexado polo PSOE, sen estar en contra, non sei o que vai saír deste Pleno, pero nós estamos a favor do tema.

SR.ALCALDE.- Sinceramente creo que a enmenda que presenta o PSOE non engade nada novo ó que habíamos acordado na C.Informativa e polo tanto entendemos que non ten moito sentido, non aporta nada. En principio vamos apoiar á orixinal, a que acordamos CMÑ, o BNG, e o PP.

Me parece máis descriptiva, máis concisa, para que se sepa exactamente onde radica o problema e que a Xunta sepa exactamente onde hai que modificar ese Regulamento.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Sobre a acta da Comisión Informativa, dí que "Rafael Estévez propón que se modifique o verbo esixir por solicitar no primeiro punto da parte resolutiva. Foi Xosé Enrique, non eu; eu dixen que estaba dacordo pero dixen que nós presentaríamos unha modificación da moción.

A primeira lectura da moción dí "SUSPENDE-LA aplicación do vixente REGULAMENTO DO XOGO DO BINGO EN GALICIA, na 2ª: RECTIFICAR o artigo 2 do REGULAMENTO DO XOGO DO BINGO. A primeira impresión que temos é que primeiro suspendemos e despois rectificamos un artigo, e despois "suxerimos incrementar a cantidade", a ver ¿lexislamos ou non, qué cantidade?, é dicir ¿porqué non cambian esto si dan lugar á confusión?. E dicir, solicitar á Xunta de Galicia a necesidade dunha modificación do regulamento do xogo é o principal, do mesmo xeito que solicitarlle



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

que paralice a instrucción sancionadora, é igual que se permita a actividade destas asociacións que é o máis importante. Por iso nós mantemos a proposta de enmenda para que se vote e se poida incorporar, senón votaremos despois a Moción tal e como está.

-----  
Polo Sr.Alcalde sométese a votación a enmenda presentada polo PSOE, co seguinte resultado: 7 votos a favor (5,PSOE, 2,BNG), 9 en contra (8,PP, 1,CMÑ), polo que resulta rexeitada.

-----  
Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando aprobada por unanimidade.

E por isto que o Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- ESIXIR a Xunta de Galicia, a través do Parlamento que con unha actuación de urxencia, proceda a :

a). SUSPENDE-LA aplicación do vixente REGULAMENTO DO XOGO DO BINGO EN GALICIA, nos aspectos que afectan as Asociacións SEN FIN DE LUCRO, en tanto en canto non se resolve de forma definitiva a problemática creada.-

b). RECTIFICAR, o artigo 2 do REGULAMENTO DO XOGO DO BINGO no senso de:

Incrementar a cantidade que cada xogador pode arriscar en cada partida nos xogos que as asociacións sen fins de lucro inscritas no correspondente rexistro administrativo realicen nos seus locais cando a finalidade do xogo teña como obxectivo o financiamento das actividades culturais, sociais promovidas polas devanditas asociacións.

2º.- INSTAR a Xunta de Galicia que suspenda cautelarmente a instrucción dos expedientes en curso, polas presuntas infraccións administrativas realizadas polas asociacións veciñais que sen ánimo de lucro, funcionan en toda Galicia.-

3º.- AUTORIZAR as asociacións culturais a que a actividade obxecto destes acordos poida seguir levándose a cabo, baixo os controles e directrices que o goberno estime oportuno imponer, ata que se produza unha resolución definitiva.-

-----  
**3.-APROBACION, SE PROCEDE, DA RESOLUCION DO RECURSO DE REPOSICION INTERPOSTO POLA ENTIDADE MERCANTIL "HEREDEROS CONCEPCION TABOADA DEL RIO, S.A." CONTRA ACORDO PLENARIO DE DATA 20/12/2008 RELATIVO A SUSPENSION DE LICENZAS URBANISTICAS.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Simóns, quen da lectura á seguinte PROPOSTA:

**ANTECEDENTES**

Primeiro.- En data 15/11/2005 DOG núm. 219 publicouse anuncio de exposición do avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona.





**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**Segundo.-** Logo de que o equipo redactor presentase o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona para aprobación inicial o Pleno da Corporación en sesión plenaria 20/12/2007 adoptou por o seguinte acordo “Primeiro.- Suspensión preventiva de licenzas urbanísticas na seguintes áreas e segundo plano adxunto,

- Solo rústico en todas as súas categorías
- Solo urbanizable en todas as súas categorías
- Solo de núcleo rural en todas as súas categorías
- Solo urbano incluído no novo plan como áreas de repartición ou como áreas de plan diferido.

**Segundo.-** Insertar anuncio de suspensión no DOG en un diario de maior difusión da provincia.”

**Terceiro.-** O devandito anuncio foi publicado no DOG de data 24/01/2008 e no diario Faro de Vigo de data 27/12/2007.

**Cuarto.-** En data 25/02/2008 a mercantil HEREDEROS DE CONCEPCIÓN TABOADA DEL RIO, SA” presentou recurso de reposición contra o acordo plenario alegando o seguinte:

- No consta publicación do documento do avance do PXOM
- No consta documento íntegro de PXOM.
- Que a suspensión proposta contraviene o principio de publicidade e xerarquía normativa das disposicións en materia de planeamento.
- A nulidade do acordo deriva do seu contido e obxecto imposible ó descoñecer ó alcance da suspensión polo motivo sinalados.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

O artigo 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural modificada pola Lei 15/2004 determina “1.Os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanísticos poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, co fin de estudiala súa formación ou reforma.

O devandito acordo deberá publicarse no diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia” Consonte o apartado 3. do mesmo este artigo esta suspensión

2. O acordo da aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias naqueles ámbito de territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación de ordenación urbanísticas vixente; para estes efectos determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

3. A suspensión a que se refire o número 1 anterior extinguirase, en todo caso, no prazo dun ano. Se dentro deste prazo se producise acordo de aprobación inicial, a suspensión manterase para as áreas nas cales as novas determinacións de planeamento supoñan modificación de ordenación urbanística.

A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos contando dende a devandita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva.”



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Respecto a suspensión de licenzas a xurisprudencia do TS (SS de 30/05/1997, 15/04/1988, 16/05/1990 e 22/01/1992) sinalaou «se trata... de una medida cautelar encaminada a asegurar la efectividad de un planeamiento futuro; trata de impedir que se produzcan aprovechamientos del suelo que, pese a ser conformes con la ordenación en vigor vayan a dificultar la realización efectiva de un Plan nuevo”

A Lei 9/2002 regula a suspensión de licenzas como medida cautelar que garantiza o impedimento de construción de edificios que poidan quedar fora de ordenación obstaculizando así o desenvolvemento do planeamento.

O artigo 52 da Lei 7/85, de 2 de abril, das bases de réxime local sinala que “Contra los actos y acuerdos de las Entidades locales que pongan fin a la vía administrativa, los interesados podrán ejercer las acciones que procedan ante la jurisdicción competente, pudiendo no obstante interponer con carácter previo y potestativo recurso de reposición.

**2. Ponen fin a la vía administrativa las resoluciones de los siguientes órganos y autoridades:**

**a) Las del Pleno, los Alcaldes o Presidentes y las Juntas de Gobierno, salvo en los casos excepcionales en que una ley sectorial requiera la aprobación ulterior de la Administración del Estado o de la comunidad autónoma, o cuando proceda recurso ante éstas en los supuestos del artículo 27.2. ”**

Segundo.- De conformidade co artigo 117. 2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común “ El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Si no lo fuera, el plazo será de tres meses y se contará, para el solicitante y otros posibles interesados, a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. Transcurridos dichos plazos, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.

2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes”

Tercero.- El artículo 48.2 de la ley 30/92 determina “ Si el plazo se fija en meses o años, éstos se computarán a partir del día siguiente a aquel en que tenga lugar la notificación o publicación del acto de que se trate, o desde el siguiente a aquel en que se produzca la estimación o desestimación por silencio administrativo. Si en el mes de vencimiento no hubiera día equivalente a aquel en que comienza el cómputo, se entenderá que el plazo expira el último día del mes”.

Cuarto.- Respecto a solicitude de suspensión do acto impugnado o artigo 117 da Lei 30/1992 “ La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el perjuicio que se causa al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

a. Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

- b. Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el [artículo 62.1 de esta Ley](#).

3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurridos treinta días desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro del órgano competente para decidir sobre la misma, éste no ha dictado resolución expresa al respecto. En estos casos no será de aplicación lo establecido en el [artículo 42.4, segundo párrafo, de esta Ley](#).”

A solicitude de suspensión no se fundamenta en ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62.1 da Lei 30/1992 nin se concreta o prexuízo irreparable que a suspensión aprobada afecta ó solicitante.

O Artigo 4 da Lei 9/2002, determina “ Son fins propios da actividade urbanística, en desenvolvemento dos principios rectores enunciados nos artigos 45, 46 e 47 da Constitución, os seguintes:

- a) Asegurar que o solo se utilice en congruencia coa utilidade pública e a función social da propiedade, garantindo o cumprimento das obrigacións e cargas legalmente establecidas.
- b) Impedi-la desigual atribución dos beneficios e cargas do planeamento entre os propietarios afectados e impoñe-la xusta distribución deles.
- c) Asegura-la participación da comunidade nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.
- d) Preserva-lo medio físico, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia.
- e) Harmoniza-las esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e da paisaxe rural e urbana co mantemento, diversificación e desenvolvemento sostible do territorio e da súa poboación, para contribuír a eleva-la calidade de vida e a cohesión social da poboación.
- f) Velar para que a actividade urbanística se desenvolva promovendo a máis ampla participación social, garantindo os dereitos de información e de iniciativa dos particulares, asegurando, en todo caso, a participación dos cidadáns e das asociacións por estes constituídas para a defensa dos seus intereses e valores.
- g) Conseguir-la integración harmónica do territorio e protexe-los valores agrarios, forestais e naturais e a riqueza e variedade arquitectónica fomentando o emprego das formas constructivas propias das diversas zonas e garantindo a súa integración no medio rural.
- h) Fomenta-la ordenación e mellora dos núcleos rurais, evitando a degradación e a perda das construcións tradicionais, favorecendo o uso e desfrute do medio rural.
- i) Exerce-las competencias das administracións públicas de acordo cos principios de cooperación, coordinación, asistencia activa e información recíproca, co obxectivo de garantir-la plena aplicación e eficacia da normativa urbanística.”

O artigo 52 LOUGA sinala “1. Os plans xerais de ordenación municipal, como instrumentos urbanísticos de ordenación integral, abranguerán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover-lo seu desenvolvemento e execución.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

2. O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que neles se determinen e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.

3. Así mesmo, o plan xeral deberá garanti-la coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de reparto.”

O Plan Xeral de Ordenación Municipal é un instrumento de planeamento que define o modelo de cidade e as liñas maestras do seu desenvolvemento, de forma que a propia natureza do Plan xeral de Ordenación Municipal como instrumento de planeamento xeral determina en si mesmo a prevalencia do interese público que o mesmo representa sobre calquera interese individual.

Respecto ó órgano competente para a resoclusión do recurso de reposición é o pleno da Corporación consonte o disposto no artigo 116 da Lei 30/92 y 52 LRBL.

É por isto polo que en base o informe xurídico emitido pola Secretaría da Corporación propoño ós membros do Pleno previo ditame da Comisión informativa o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Desestimar o recurso de reposición interposto polo entidade mercantil HEREDEROS DE CONCEPCIÓN TABOADA DEL RIO, SA contar o acordo plenario de 20/12/2007.

**Segundo.-** Desestimar a solicitude de suspensión ó non concurrir os requisitos previsto no artigo 111 da Lei 30/1992.

**Terceiro.-** Notificar ó interesado.-

-----

CONTINUA.- Simplemente engadir que é un trámite administrativo dado que no que respecta á suspensión de licenzas xa hai xurisprudencia do Tribunal Supremo como medida cautelar para garantir o impedimento de construción de edificios que poidan quedar fora de ordenación, obstaculizando así o desenvolvemento do planeamento.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- Entendemos que lle corresponde ós servizos xurídicos do Concello a determinación da súa estimación ou desestimación. Nós, aínda que as alternativas que damos, as votan en contra, pois creemos que se axusta á dereito, e por coherencia e por convencimento tamén, xa amosamos no Pleno correspondente que creemos que este tema é precipitado, non é nada absolutamente necesario, podíase esperar á aprobación inicial, aínda así respetamos a decisión que tome o Pleno, pero por coherencia vamos a abstermos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vamos apoiar a proposta que fai o goberno, non podía ser doutro xeito e quixera aproveitar Sr.Alcalde para pedirlle que tome as medidas que estime oportunas na obra que o Sr.Rocha ten ó lado do río Qurincova porque está tomando uns carices perigosos, ten xa máis de medio metro de auga e pode ocasionar algún accidente.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor.

**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG), producíndose 5 abstencións, PSOE.**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

-----  
E por isto que o Pleno, por maioría, ACORDA APROBAR:

**Primeiro.-** Desestimar o recurso de reposición interposto polo entidade mercantil HEREDEROS DE CONCEPCIÓN TABOADA DEL RIO, SA contar o acordo plenario de 20/12/2007.

**Segundo.-** Desestimar a solicitude de suspensión ó non concurrir os requisitos previsto no artigo 111 da Lei 30/1992.

**Terceiro.-** Notificar ó interesado.-  
-----

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.

Participo a Vd., que, polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 14 de marzo de 2008, adoptouse o seguinte acordo:

**3.-APROBACION, SE PROCEDE, DA RESOLUCION DO RECURSO DE REPOSICION INTERPOSTO POLA ENTIDADE MERCANTIL "HEREDEROS CONCEPCION TABOADA DEL RIO, S.A." CONTRA ACORDO PLENARIO DE DATA 20/12/2008 RELATIVO A SUSPENSION DE LICENZAS URBANISTICAS.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Simóns, quen da lectura á seguinte PROPOSTA:  
**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 15/11/2005 DOG núm. 219 publicouse anuncio de exposición do avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona.

**Segundo.-** Logo de que o equipo redactor presentase o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona para aprobación inicial o Pleno da Corporación en sesión plenaria 20/12/2007 adoptou por o seguinte acordo "**Primeiro.-** Suspensión preventiva de licenzas urbanísticas na seguintes áreas e segundo plano adxunto,

- Solo rústico en todas as súas categorías
- Solo urbanizable en todas as súas categorías
- Solo de núcleo rural en todas as súas categorías



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

- Solo urbano incluído no novo plan como áreas de repartición ou como áreas de plan diferido.

Segundo.- Insertar anuncio de suspensión no DOG en un diario de maior difusión da Provincia.”

**Terceiro.-** O devandito anuncio foi publicado no DOG de data 24/01/2008 e no diario Faro de Vigo de data 27/12/2007.

**Cuarto.-** En data 25/02/2008 a mercantil HEREDEROS DE CONCEPCIÓN TABOADA DEL RIO, SA” presentou recurso de reposición contra o acordo plenario alegando o seguinte:

- No consta publicación do documento do avance do PXOM
- No consta documento íntegro de PXOM.
- Que a suspensión proposta contraviene o principio de publicidade e xerarquía normativa das disposicións en materia de planeamento.
- A nulidade do acordo deriva do seu contido e obxecto imposible ó descoñecer ó alcance da suspensión polo motivo sinalados.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural modificada pola Lei 15/2004 determina “1. Os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanísticos poderán acorda-la suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, co fin de estudia-la súa formación ou reforma.

O devandito acordo deberá publicarse no diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia” Consonte o apartado 3. do mesmo este artigo esta suspensión

2. O acordo da aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias naqueles ámbito de territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación de ordenación urbanísticas vixente; para estes efectos determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

3. A suspensión a que se refire o número 1 anterior extinguirase, en todo caso, no prazo dun ano. Se dentro deste prazo se producise acordo de aprobación inicial, a suspensión manterase para as áreas nas cales as novas determinacións de planeamento supoñan modificación de ordenación urbanística.

A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos contando dende a devandita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva.”

Respecto a suspensión de licenzas a xurisprudencia do TS (SS de 30/05/1997, 15/04/1988, 16/05/1990 e 22/01/1992) sinalaou «se trata... de una medida cautelar encaminada a asegurar la efectividad de un planeamiento futuro; trata de impedir que se produzcan aprovechamientos del suelo que, pese a ser conformes con la ordenación en vigor vayan a dificultar la realización efectiva de un Plan nuevo”



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

A Lei 9/2002 regula a suspensión de licenzas como medida cautelar que garantiza o impedimento de construción de edificios que poidan quedar fora de ordenación obstaculizando así o desenvolvemento do planeamento.

O artigo 52 da Lei 7/85, de 2 de abril, das bases de réxime local sinala que “Contra los actos y acuerdos de las Entidades locales que pongan fin a la vía administrativa, los interesados podrán ejercer las acciones que procedan ante la jurisdicción competente, pudiendo no obstante interponer con carácter previo y potestativo recurso de reposición.

**2. Ponen fin a la vía administrativa las resoluciones de los siguientes órganos y autoridades:**

**a) Las del Pleno, los Alcaldes o Presidentes y las Juntas de Gobierno, salvo en los casos excepcionales en que una ley sectorial requiera la aprobación ulterior de la Administración del Estado o de la comunidad autónoma, o cuando proceda recurso ante éstas en los supuestos del artículo 27.2. ”**

Segundo.- De conformidade co artigo 117. 2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común “ El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Si no lo fuera, el plazo será de tres meses y se contará, para el solicitante y otros posibles interesados, a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. Transcurridos dichos plazos, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.

**2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes”**

Tercero.- El artículo 48.2 de la ley 30/92 determina “ Si el plazo se fija en meses o años, éstos se computarán a partir del día siguiente a aquel en que tenga lugar la notificación o publicación del acto de que se trate, o desde el siguiente a aquel en que se produzca la estimación o desestimación por silencio administrativo. Si en el mes de vencimiento no hubiera día equivalente a aquel en que comienza el cómputo, se entenderá que el plazo expira el último día del mes”.

Cuarto.- Respecto a solicitude de suspensión do acto impugnado o artigo 117 da Lei 30/1992 “ La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien competa resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el perjuicio que se causa al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

- c. Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- d. Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el [artículo 62.1 de esta Ley](#).

3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurridos treinta días desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro del órgano



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

competente para decidir sobre la misma, éste no ha dictado resolución expresa al respecto. En estos casos no será de aplicación lo establecido en el [artículo 42.4, segundo párrafo, de esta Ley.](#)”

A solicitude de suspensión no se fundamenta en ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62.1 da Lei 30/1992 nin se concreta o prexuízo irreparable que a suspensión aprobada afecta ó solicitante.

O Artigo 4 da Lei 9/2002, determina “ Son fins propios da actividade urbanística, en desenvolvemento dos principios rectoros enunciados nos artigos 45, 46 e 47 da Constitución, os seguintes:

a) Asegurar que o solo se utilice en congruencia coa utilidade pública e a función social da propiedade, garantindo o cumprimento das obrigacións e cargas legalmente establecidas.

b) Impedi-la desigual atribución dos beneficios e cargas do planeamento entre os propietarios afectados e impoñe-la xusta distribución deles.

c) Asegura-la participación da comunidade nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.

d) Preserva-lo medio físico, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia.

e) Harmoniza-las esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e da paisaxe rural e urbana co mantemento, diversificación e desenvolvemento sostible do territorio e da súa poboación, para contribuír a eleva-la calidade de vida e a cohesión social da poboación.

f) Velar para que a actividade urbanística se desenvolva promovendo a máis ampla participación social, garantindo os dereitos de información e de iniciativa dos particulares, asegurando, en todo caso, a participación dos cidadáns e das asociacións por estes constituídas para a defensa dos seus intereses e valores.

g) Conseguí-la integración harmónica do territorio e protexe-los valores agrarios, forestais e naturais e a riqueza e variedade arquitectónica fomentando o emprego das formas constructivas propias das diversas zonas e garantindo a súa integración no medio rural.

h) Fomenta-la ordenación e mellora dos núcleos rurais, evitando a degradación e a perda das construcións tradicionais, favorecendo o uso e desfrute do medio rural.

i) Exerce-las competencias das administracións públicas de acordo cos principios de cooperación, coordinación, asistencia activa e información recíproca, co obxectivo de garantir a plena aplicación e eficacia da normativa urbanística.”

O artigo 52 LOUGA sinala “1. Os plans xerais de ordenación municipal, como instrumentos urbanísticos de ordenación integral, abrangerán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover-lo seu desenvolvemento e execución.

2. O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que neles se determinen e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.





EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

3. Así mesmo, o plan xeral deberá garanti-la coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de reparto.”

O Plan Xeral de Ordenación Municipal é un instrumento de planeamento que define o modelo de cidade e as liñas maestras do seu desenvolvemento, de forma que a propia a natureza do Plan xeral de Ordenación Municipal como instrumento de planeamento xeral determina en si mesmo a prevalencia do interese público que o mesmo representa sobre calquera interese individual.

Respecto ó órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o pleno da Corporación consonte o disposto no artigo 116 da Lei 30/92 y 52 LRBRL.

É por isto polo que en base o informe xurídico emitido pola Secretaría da Corporación propoño ós membros do Pleno previo ditame da Comisión informativa o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Desestimar o recurso de reposición interposto polo entidade mercantil HEREDEROS DE CONCEPCIÓN TABOADA DEL RIO, SA contar o acordo plenario de 20/12/2007.

**Segundo.-** Desestimar a solicitude de suspensión ó non concurrir os requisitos previsto no artigo 111 da Lei 30/1992.

**Terceiro.-** Notificar ó interesado.-

-----  
CONTINUA.- Simplemente engadir que é un trámite administrativo dado que no que respecta á suspensión de licenzas xa hai xurisprudencia do Tribunal Supremo como medida cautelar para garantir o impedimento de construción de edificios que poidan quedar fora de ordenación, obstaculizando así o desenvolvemento do planeamento.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Entendemos que lle corresponde ós servizos xurídicos do Concello a determinación da súa estimación ou desestimación. Nós, aínda que as alternativas que damos, as votan en contra, pois creemos que se axusta á dereito, e por coherencia e por convencimento tamén, xa amosamos no Pleno correspondente que creemos que este tema é precipitado, non é nada absolutamente necesario, podíase esperar á aprobación inicial, aínda así respetamos a decisión que tome o Pleno, pero por coherencia vamos a abstermos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vamos apoiar a proposta que fai o goberno, non podía ser doutro xeito e quixera aproveitar Sr.Alcalde para pedirlle que tome as medidas que estime oportunas na obra que o Sr.Rocha ten ó lado do río Qurincova porque está tomando uns carices perigosos, ten xa máis de medio metro de auga e pode ocasionar algún accidente.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor.

-----  
**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG), producíndose 5 abstencións, PSOE.**

-----  
**E por isto que o Pleno, por maioría, ACORDA APROBAR:**



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**Primeiro.-** Desestimar o recurso de reposición interposto polo entidade mercantil HEREDEROS DE CONCEPCIÓN TABOADA DEL RIO, SA contar o acordo plenario de 20/12/2007.

**Segundo.-** Desestimar a solicitude de suspensión ó non concurrir os requisitos previsto no artigo 111 da Lei 30/1992.

**Terceiro.-** Notificar ó interesado.-